

XUNTA DE GOBERNO  
Sesión do día 6 de maio de 2022  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día seis de maio do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste a deputada *Dna. Ana Laura Iglesias González*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.31671.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 29 de abril 2022.

2.31672.- APROBACIÓN DA 2ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP 9306 COBAS – PADRENDA, PQ. 0+000 AO PQ. 0+820”. (Expte.2020024976)

1.- O 1 de decembro de 2020 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meaño formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto “*Mellora da seguranza viaria na EP 9306 Cobas – Padrenda, PQ 0+000 ao PQ 0+820*”. Conforme á súa cláusula novena ten vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

O gasto correspondente ás obras obxecto do convenio ascende a 537.130,41 € (IVE incluído) imputouse ás aplicacións orzamentarias 20/456.4530.612.02 e 21/456.4530.612.02 distribuíndose o financiamento entre a Deputación e o Concello segundo se detalla:

- Deputación, 375.991,29 € (70%).
- Concello, 161.139,22 € (30%).



Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio tales como gastos de redacción de proxecto, contratos de servizos de dirección, control e seguimento da execución da obra son financiados pola Deputación.

2.- A Xunta de Goberno, logo dos informes correspondentes acordou, en sesión ordinaria de 22 de outubro de 2021, prorrogar o Convenio de Colaboración ata o 31 de decembro de 2022.

3.- A Deputación de Pontevedra solicitou ao Instituto para a Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) unha axuda con destino á execución das obras de “Mellora da seguranza viaria na EP 9306 Cobas – Padrenda, PQ 0+000 ao PQ 0+820”, ao amparo do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE núm. 144 de data 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro (BOE núm. 314, de 29 de decembro de 2018), e Real Decreto 316/2019, de 26 de abril (BOE núm. 130, de 30 de abril de 2019) e Real Decreto 1185/2020, de 29 de decembro (BOE núm. 340, de 30 de decembro de 2020).

O IDAE notifica, en data 22 de marzo de 2022, a Resolución pola que concede á Deputación de Pontevedra unha axuda por importe de 401.870,39 € equivalente ao 80% do custo das actuacións elixibles declaradas no momento do rexistro da solicitude, que supón o 74,82% do custo das obras obxecto do convenio.

Consideracións legais e técnicas:

1ª Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) .
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Regulamento UE núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello , de 17 de decembro de 2013, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento CE 1083/2006 do Consello (Regulamento UE núm. 1303/2013).



- Regulamento UE núm. 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello , de 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego, polo que se derroga o Regulamento CE NÚM. 1080/2006 do Consello (Regulamento UE núm. 1301/2013).
- Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE núm. 144 de data 17 de xuño de 2017), modificado polo Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro (BOE núm. 314, de 29 de decembro de 2018), e Real Decreto 316/2019, de 26 de abril (BOE núm. 130, de 30 de abril de 2019) e Real Decreto 1185/2020, de 29 de decembro (BOE núm. 340, de 30 de decembro de 2020).(RD 616/2017).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS). Conforme ao artigo 6 da LXS as subvencións financiadas con cargo a fondos da Unión Europea rexeranse pola normas comunitarias aplicables en cada caso e polas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición de aquelas e os procedementos de concesión e de control das subvencións reguladas nela terán carácter supletorio respecto das normas de aplicación directa ás subvencións financiadas con cargo a fondos da Unión Europea.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2022.

2ª A Corporación e a Xunta de Goberno da Deputación aprobaron a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable, a convocatoria de subvencións aos concellos da provincia para a elaboración de Plans de Mobilidade Sustentable e para Camiños Escolares Seguros, a creación da Rede de Concellos Ágora polo Espazo Público e a aprobación do seu Protocolo de Actuación, a convocatoria de subvencións para redacción de proxectos e para a execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos e o fomento da formación en mobilidades alternativas a través do Convenio coa Rede de Cidades que Camiñan (Facultade Ágora).

Entre os propósitos destas iniciativas está a de reducir o uso dos vehículos a motor para a redución ou eliminación da contaminación ambiental en absoluta consonancia co obxectivo temático 4 establecido no artigo 9 do Regulamento UE núm. 1303/2013 - “favorecer a transición a unha economía baixa en carbono en todos os sectores” - e co establecido no artigo 5 do Regulamento UE núm. 1301/2013 que determina a natureza subvencionable dos investimentos destinados a favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono en todos os sectores. Así preténdese contribuír á sustentabilidade ambiental mediante a redución de emisións de CO<sub>2</sub>, á cohesión social e á mellora da calidade de vida dos cidadáns.



Por medio do Real Decreto 616/2017 o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, na actualidade Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, puxo en marcha una liña de subvencións directas a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono.

O RD establece no artigo 2 que as subvencións se outorgarán polo IDAE, como órgano concedente, aos proxectos singulares de economía baixa en carbono, cuxo investimento e promoción sexa realizado polas entidades locais a que se refire o artigo 5.

As deputacións poden ser beneficiarias das subvencións (art. 5.2 b do Real Decreto 616/2017) cando realicen os investimentos e promovan as actuacións acollidas a esta liña de axudas nalgún concello ou cando actúen en representación dunha agrupación de municipios.

Segundo o artigo 36.1. da LRBRL son competencias propias das deputacións as que lles atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcal.

O artigo 9.2 da LEG establece que a Administración titular da estrada é a responsable do servizo público viario.

O proxecto subvencionado polo IDAE contempla a mellora da funcionalidade e a seguridade para o tráfico rodado e peonil da EP 9306 ao longo de 820 metros, dende o PQ 0+000 ao 0+820. Con carácter xeral, a estrada contará con dous carrís de circulación, un por sentido, de 2,75 metros de ancho cada un, unha beiravía na marxe dereita de 50 cm. e senda peonil na marxe esquerda de ancho variable e adaptada ao espazo existente. A titularidade do vieiro é da Deputación de Pontevedra.

3ª Resolta a solicitude formulada pola Deputación (Resolución IDAE 202200003940 -22/03/2022 – 13:41) o importe máximo da axuda do IDAE é de 401.870,39€. Corresponde á unha taxa de cofinanciamento FEDER do 80% para un custo elixible de 502.337,99 €.

Para que os gastos sexan elixibles - artigo 7.3 do Real decreto 616/2017 - deben cumprir, entre outros, os seguintes requisitos:

“e) Deben ser efectuados durante o período de execución do proxecto, que non poderá haber sido iniciado antes do 1 de xaneiro de 2014, data do comezo do período de elixibilidade do POCS. Para estes efectos, os pagos correspondentes non deben terse feito efectivos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2014 e, en calquera caso, as operacións non deberán ter concluído antes da data de resolución da solicitude, por parte do IDAE, na que se asigne a axuda correspondente ao proxecto”. Así mesmo a entidade beneficiaria deberá dispor de orzamento propio para acometer a actuación, tendo en conta os procedementos e límites previstos na normativa vixente de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que o importe que corresponda ao cofinanciamento FEDER percibirase polo beneficiario unha vez conclúa e se certifique a actuación conforme ao procedemento establecido no Regulamento UE 1303/2013.



4ª. Segundo o establecido pola base 11ª das Bases de execución do orzamentos provincial, en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo poderán xerar crédito no estado de gastos do orzamento xeral da Deputación os ingresos de natureza non tributaria derivados das achegas ou compromisos firmes de achega, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa Deputación, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.

Co fin de adaptar o financiamento das obras aos termos establecidos na Resolución de concesión da axuda á Deputación por parte do IDAE, sendo a cantidade non financiada con cargo a Fondos Feder de 135.260,02 € (20% do coste elixible+ costes declarados no momento de rexistrar a solicitude como non elixibles) é necesario reformular o financiamento previsto no Convenio formalizado co Concello de Meaño referido no antecedente 1.

O proxecto subvencionado polo IDAE inclúe partidas correspondentes a diferentes servizos municipais. Conforme ao Decálogo de criterios de actuación nas vías provinciais establecidos polo Pleno da Deputación (acordos de 29 de xaneiro de 2016 e 25 de setembro de 2020) as “actuacións de urbanización de vías provinciais serán cofinanciadas ó 70% pola Deputación e ó 30% por cada concello.../ Os criterios de cofinanciación poderán ser reformulados no correspondente convenio de colaboración, no caso de que a actuación obteña fondos europeos ou de natureza análoga, mantendo as proporcións, sempre que sexa posible en función das esixencias dos fondos”.

Consecuencia do exposto o financiamento das obras proxectadas é o seguinte:

- Fondos FEDER- IDAE (80 % do custo elixible declarado  
ao rexistrar a solicitude, 74,82 % orzamento convenio).....401.870,39€
- Deputación - Concello de Meaño .....135.260,02 €
- Total.....537.130,41€

Polo que atinxe ao procedemento o convenio formalizado non regula o réxime de modificación. Conforme ao establecido no artigo 49.g) da LRXSP a falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

Logo dos informes preceptivos deberá adoptarse acordo polo mesmo órgano que ten atribuída a competencia para a aprobación; no caso da Deputación, a Xunta de Goberno. O acordo que se adopte estará condicionado ao acordo ou resolución do órgano competente do Concello.

Tendo en conta todo o que antecede e á vista da Resolución do IDAE de 22 de marzo de 2022.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a seguinte Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Meaño para a execución das obras de “*Mellora da seguridade viaria na EP 9306 Cobas – Padrenda, PQ 0+000 ao PQ 0+820 (Meaño)*”.



## REUNIDOS

*Dunha parte, D<sup>a</sup>. María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte, D. Carlos Vieitez Fernández, alcalde do Concello de Meaño, en virtude das facultades que lle atribúen o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe da formalización D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.*

*As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

## EXPOÑEN

*I.- O 1 de decembro de 2020 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Meaño asinaron un convenio cuxo obxecto é o de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto “Mellora da seguridade viaria na EP 9306 Cobas – Padrenda, PQ 0+000 ao PQ 0+820 (Meaño)”.*

*II.- A Deputación de Pontevedra solicitan acollerse ao Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño (BOE núm. 144 de data 17 de xuño de 2017), polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, modificado polo Real Decreto 1516/2018, de 28 de decembro (BOE núm. 314, de 29 de decembro de 2018), e Real Decreto 316/2019, de 26 de abril (BOE núm. 130, de 30 de abril de 2019) e Real Decreto 1185/2020, de 29 de decembro (BOE núm. 340, de 30 de decembro de 2020).*

*III. A condición da Deputación de beneficiaria das axudas sustentase no disposto no artigo 5.2. b) do RD: “b) as Deputacións Provinciais ou comunidades autónomas uniprovinciais no exercicio das competencias que lles correspondan, cando actúen, ben en representación dunha agrupación formada por municipios, ou ben no seu caso , realicen os investimentos e promovan as actuacións acollidas a esta liña de axudas nalgún de ditos municipios”.*

*IV. De acordo co artigo 3.7 do R.D a entidade beneficiaria deberá dispor de orzamento propio para acometer a actuación, tendo en conta os procedementos e límites previstos na normativa vixente de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que o importe que corresponda ao cofinanciamento FEDER percibirase polo beneficiario unha vez conclúa e se certifique a actuación conforme ao procedemento establecido no Regulamento UE 1303/2013.*

*V. Segundo o convenio, formalizado o 1 de decembro de 2020, o investimento financíase nun trinta por cento (161.139,22 €) polo Concello con cargo a fondos propios.*



O Instituto para la Diversificación de la Energía y Aborro Energético (IDAE) notifícalle á Deputación, en data 22 de marzo de 2022, a Resolución pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda formulada no contexto do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono.

Para que os gastos sexan elixibles -artigo 7.3 do Real decreto 616/2017- deben cumprir, entre outros, os seguintes requisitos:

“e) Deben ser efectuados durante o período de execución do proxecto, que non poderá haber sido iniciado antes do 1 de xaneiro de 2014, data do comezo do período de elixibilidade do POCS. Para estes efectos, os pagos correspondentes non deben terse feito efectivos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2014 e, en calquera caso, as operacións non deberán ter concluído antes da data de resolución da solicitude, por parte do IDAE, na que se asigne a axuda correspondente ao proxecto”.

O proxecto obxecto da axuda outorgada polo IDAE con cargo a Fondos FEDER- está amparado por a implantación do Plan de Mobilidade Urbana Sostible no municipio de, mediante a promoción da mobilidade peonil, a través da creación dun tránsito para peóns seguro. De acordo coa Resolución do IDAE de concesión da axuda, o seu importe máximo é de 401.870,39 €.

Conforme ao Decálogo de criterios de actuación nas vías provinciais establecidos polo Pleno da Deputación (acordos de 29 de xaneiro de 2016 e 25 de setembro de 2020) as “actuacións de urbanización de vías provinciais serán cofinanciadas ó 70% pola Deputación e ó 30% por cada concello.../ Os criterios de cofinanciación poderán ser reformulados no correspondente convenio de colaboración, no caso de que a actuación obteña fondos europeos ou de natureza análoga, mantendo as proporcións, sempre que sexa posible en función das esixencias dos fondos”.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar unha Addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de modificar o financiamento previsto inicialmente, co seguinte:

#### PACTAN

PRIMEIRO.- Modificar o financiamento previsto no Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Meaño para a execución do proxecto de “Mellora da seguridade viaria na EP 9306 Cobas – Padrenda, PQ 0+000 ao PQ 0+820”, quedando redactada a cláusula terceira do dito convenio do seguinte xeito:

“Os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados con cargo á aplicación 22/456.4530.612.02.2020 na que se xerará crédito polo importe da axuda outorgada polo IDAE con cargo a Fondos FEDER (401.870,39 €).

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio tales como: os gastos de redacción de proxecto contratos de servizos accesorios para a dirección, control e seguimento da execución das obras, serán financiados pola Deputación Provincial.



Conforme á Resolución do IDAE de concesión de axuda con cargo a Fondos Feder para o financiamento do 80% do importe elixible, notificada á Deputación o 22 de marzo de 2022, e aos criterios de actuación nas vías provinciais aprobados polo Pleno da Deputación, en sesión de 25 de setembro de 2020, a distribución do financiamento é a seguinte :

Organismo	Achega	Porcentaxe
IDAE – FONDOS FEDER	401.870,39 €	74,82 %
Deputación de Pontevedra e Concello de Meaño	135.260,02 €	25,18 %
TOTAL OBRAS	537.130,41 €	100,00 %

A contribución da Deputación de Pontevedra e do Concello de Meaño (135.260,01 €) é a que se detalla:

Deputación de Pontevedra	94.682,01 €	70 %
Concello de Meaño	40.578,01 €	30 %
TOTAL	135.260,01 €	100 %

De reaxustarse o importe da axuda concedida polo IDAE, manteranse os coeficientes de financiamento da Deputación e do Concello de Meaño.

O importe de 120.561,21 €, parcial da contribución do Concello de Meaño reintegraráselle ao Concello.

SEGUNDO.- As partes comprométense a realizar os axustes orzamentarios necesarios para manter os compromisos económicos establecidos no convenio en relación ao novo financiamento e período de vixencia imputados actualmente á aplicación orzamentaria 22/456-4530-612.02.2020.

Unha vez aprobada a presente Addenda levaranse a cabo as oportunas modificacións de crédito para axustar o novo financiamento do Convenio.

TERCEIRO - En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 1 de decembro de 2020 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas cláusulas.

CUARTO.- A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda e a un só efecto no lugar de data sinalados no seu encabezamento.

A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra,  
D.<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego,

O secretario xeral da Deputación

O alcalde do Concello de Meaño  
D. Carlos Vieitez Fernández,





2. Facultar á presidenta para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
3. Darlle traslado do presente acordo, aos efectos oportunos, ao Concello de Meaño, á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.

3.31673.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A GUARDA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN E SANEAMENTO EN VIAS MUNICIPAIS” (Expte. 2022010789)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía



asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 25/02/2022 por rexistro WEB2022009378 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de A Guarda* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 136.969,05 euros, con destino ao financiamento “*Pavimentación e saneamento en vías municipais*”, cun orzamento polo mesmo importe quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS
2022	136.969,05	136.969,05	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	136.969,05	136.969,05	0,00	0,00

En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución do investimento por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, as autorizacións sectoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.



**Fundamentación xurídica:****Normativa examinada:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

**Consideracións xurídicas:****Instrución do expediente:**

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

**Petición e evacuación de informes:**

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado deberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá re-utilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 18/03/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 18/03/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 29/04/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Guarda* CIF P3602300J a cantidade de 136.969,05 €, con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentación e saneamento en vías municipais*”, (expediente: 2022010789) cun orzamento polo importe de 136.969,05 euros distribuída segundo a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS
2022	136.969,05	136.969,05	136.969,05	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	136.969,05	136.969,05	136.969,05	0,00



- A presente concesión queda condicionada á obtencións das autorizacións sectoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sendo imprescindible que o *Concello* as remita á Deputación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Ase mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *concello de A Guarda* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Guarda*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

4.31674.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RESTAURACIÓN DA FONTE E LAVADOIRO DE MOGOR E ACONDICIONAMENTO E POSTA EN VALOR DO ENTORNO” (Expte. 2022010090)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.00,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



En data 24/02/2022 por rexistro WEB2022010090 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *concello de Marín* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 119.637,19 euros, con destino ao financiamento “*Restauración da fonte e lavadoiro de Mogor e acondicionamento e posta en valor do entorno*”, cun orzamento polo importe de 128.893,10 euros, correspondendo 115.125,87 € do orzamento de execución por contrata (IVE engadido), 9.255,91 € dos honorarios de redacción de proxecto (IVE engadido) e 4.511,32 € dos honorarios da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde (IVE engadido). O importe restante ata completar a totalidade do orzamento será cofinanciada con fondos propios, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS
2022	128.893,10	119.637,19	0,00	9.255,91
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	128.893,10	119.637,19	0,00	9.255,91

O importe da subvención solicitada corresponde ao orzamento de execución por contrata (115.125,87 €, IVE engadido) máis os honorarios da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde (4.511,32 €, IVE engadido). Os honorarios de redacción de proxecto (9.255,91 €, IVE engadido), corresponde a cantidade que o *Concello* cofinancia con fondos propios.

En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.



- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

#### Consideracións xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá re-utilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.



- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 21/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 21/04/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 26/04/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Marín* CIF P3602600C a cantidade de 119.637,19 €, con destino ao financiamento do investimento “*Restauración da fonte e lavadoiro de Mogor e acondicionamento e posta en valor do entorno*”, cun orzamento polo importe de 128.893,10 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS
2022	128.893,10	119.637,19	0,00	9.255,91
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	128.893,10	119.637,19	0,00	9.255,91

O importe da subvención corresponde ao orzamento de execución por contrata (115.125,87€, IVE engadido) máis os honorarios da dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde (4.511,32 €, IVE engadido). Os honorarios de redacción de proxecto (9.255,91 €, IVE engadido), corresponde a cantidade que o *Concello* cofinancia con fondos propios.

- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- Ase mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *concello de Marín* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Marín*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.31675.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE POIO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA PRAZA DE SAN MARTIÑO, PARROQUIA SAN XOÁN, CONCELLO DE POIO” (Expte. 2022009815)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.



O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 24/02/2022 por rexistro WEB2022008993 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do Concello de Poio na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 221.778,92 euros, con destino ao financiamento do investimento “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA PRAZA DE SAN MARTIÑO, PARROQUIA



SAN XOÁN, CONCELLO DE POIO”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	3.163,68 € Anualidade 2022	3.163,68 € Anualidade 2022	-----
2023	218.615,24 € Anualidade 2023	218.615,24 € Anualidade 2023	
Total	221.778,92 €	221.778,92 €	

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, se ben se constata que se fai precisa a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Asemade o Concello pospón a remisión da acta de trazado previo e a aprobación do proxecto á concesión desta autorización.

As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 21/04/2022.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- consideracións xurídicas:

### Instrución do expediente

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e





vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 21/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 25/04/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 02/05/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Poio*, CIF: P3604100B a cantidade de 221.778,92 euros con destino ao financiamento do investimento “*ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA PRAZA DE SAN MARTIÑO, PARROQUIA SAN XOÁN, CONCELO DE POIO*” (Exp: 2022009815) cun orzamento que polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	3.163,68 € Anualidade 2022	3.163,68 € Anualidade 2022	-----
2023	218.615,24 € Anualidade 2023	218.615,24 € Anualidade 2023	
Total	221.778,92 €	221.778,92 €	

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial para o vixente exercicio, no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto. Respecto á anualidade 2023, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 23/942.9425.762.45, quedando supeditado á aprobación do orzamento para o exercicio 2023 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á aprobación do proxecto e remisión da acta de trazado previo, así como á resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación e Universidade por realizarse parte da actuación na zona de afección desta administración, sendo imprescindible que se remita toda a documentación sinalada á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Poio*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.31676.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O PORRIÑO NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORAS DO ASFALTADO E DO SANEAMENTO NA RÚA LUGO E CAMIÑO DO CRISTO DA PEREIRA” (Expte. 2022009717)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 euros para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto á cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.



O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local. No exercicio 2022, correspóndelle a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte á lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto á cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación a todos os plans.

En data 23/02/2022 por rexistro WEB2022008569 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do Concello de O Porriño na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 76.082,07 euros, con destino ao financiamento do investimento “*MELLORAS DO ASFALTADO E DO SANEAMENTO NA RÚA LUGO E CAMIÑO DO CRISTO DA PEREIRA*”, cun orzamento polo mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	76.082,07 €	76.082,07 €	-----

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, se ben se constata que se fai precisa a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e que malia terse pedido en tempo, a súa efectiva obtención fai que se condicione a elo a concesión da subvención. Asemade o Concello posterga a aprobación do proxecto á concesión do permiso sinalado ut supra. Malia terse enviado a acta de trazado previo, unha vez obtida a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, o Concello deberá achegala novamente, axustada a dita dispoñibilidade.



As presentes actuacións contan co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 18/04/2022.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.



#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.



Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 18/04/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 28/04/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 29/04/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Porriño* CIF: P3603900F a cantidade de 76.082,07 € con destino ao financiamento do investimento “MELLORAS DO ASFALTADO E DO SANEAMENTO NA RÚA LUGO E CAMIÑO DO CRISTO DA PEREIRA” (Exp.: 2022009717) cun orzamento que importa 76.082,07 euros, quedando configurada a súa petición segundo se indica na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	76.082,07 €	76.082,07 €	-----

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á aprobación do proxecto e remisión da acta de trazado previo, así como á resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade por realizarse algunha actuación na zona de afección deste organismos, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de réintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de O Porriño*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.31677.- ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) AO PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MEIS, MEAÑO E VILANOVA DE AROUSA” E CONCESIÓN DE AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU ABEIRO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS. (Expte. 2020043392).

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe: “*Á vista da Resolución favorable de concesión dunha axuda polo IDAE con destino ao proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MEIS, MEAÑO E VILANOVA DE AROUSA”, e co obxecto de aceptar a axuda concedida mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022010402*”



e data 22/04/2022 e, ao mesmo tempo, conceder a axuda comprometidas pola Deputación cos concellos de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

## I. ANTECEDENTES

- O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou en día 30 de abril de 2019 (BOE núm. 103) o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.
- Dentro das competencias que confire a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80 de 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d), a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo cas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.
- Neste marco de colaboración, o 13 de agosto de 2019 (rexistro de saída núm.: 2019015131) dende a Deputación de Pontevedra informouse ás entidades locais da provincia da intención da institución provincial de presentar varios proxectos singulares ao amparo das medidas elixibles recollidas no Anexo I do Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, entre elas a actuación da eficiencia enerxética referida á renovación das instalacións de iluminación, iluminación e sinalización exterior. Neste documento indícase en canto á colaboración económica en materia de cofinanciamento das actuacións que “a Deputación fará unha achega adicional, con fondos propios, do 10% do investimento elixible de cada actuación incluída nos proxectos singulares, e que se sumará ao 80% de financiamento previsto polo IDAE mediante o Real Decreto 316/2019. O 10% restante será achegado polos concellos (segundo se establece no documento anexo a esta comunicación)”. No caso dos proxectos da medida 6 do anexo I do Real Decreto 316/2019 establécese un límite adicional de achega por parte da Deputación de Pontevedra de 20.000 euros por concello.
- Como resposta á comunicación realizada pola institución provincial, recibíuse na sede electrónica da Deputación un total de 46 solicitudes de participación dos concellos da provincia nos diferentes proxectos a presentar ante o IDAE por parte da Deputación de Pontevedra. Coa finalidade de dar trámite ás solicitudes recibidas dos concellos, dende a Deputación elabóranse as diferentes Memorias Descritivas das actuacións para desenvolver en cada un dos concellos en atención á medida do anexo I do Real Decreto 316/2019 na que solicitaron participar. Deste xeito, na Memoria descritiva denominada “Iluminación Exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeadado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” agrúpanse as actuacións de renovación das instalacións de iluminación, iluminación e sinalización exterior nas entidades locais:

CONCELLO	REXISTRO
Meis	2019051449
Meaño	WEB2019038047
Vilanova de Arousa	WEB2019035763

- Acompañando á instancia xenérica presentada, os concellos achegan o certificado do acordo adoptado polo órgano competente de adhesión ao citado proxecto e de compromiso de consignación no seu orzamento do crédito necesario para afrontar as achegas con fondos propios da entidade local.





- O obxecto do proxecto consiste na renovación das instalacións de iluminación exterior nos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa (provincia de Pontevedra) mediante a substitución de 232 luminarias, ás que se engadirán 8 novas unidades para dar cumprimento á normativa vixente.
  - As novas luminarias serán de tecnoloxía LED de última xeración e elevada eficiencia que dispoñerán de equipo multinivel preprogramado para axustar o nivel de iluminación segundo os diferentes horarios nocturnos e os diferentes tipos de vías.
  - Respecto aos cadros de mando, o proxecto contempla actuacións en 10 dos existentes nos municipios, instalando en estes catros de mando un sistema de control e regulación para axustala segundo os diferentes horarios nocturnos e as diferentes necesidades.
  - Con esta actuación en conxunto conseguirase a diminución da potencia de 164 kW a 81 kW e conseguirase un aforro enerxético estimado do 53%.

O investimento elixible do proxecto ascende a 343.569,46 euros.

En data 21/12/2020 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Iluminación Exterior sostible XIII”, asignándosele o rexistro núm. 202000010915. Tras a súa avaliación, en data 22/04/2022 (Rexistro de entrada número: 2022010402 recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 274.855,56 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-005816. As actuacións incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:

<b>“LUMINACIÓN EXTERIOR SOSTENIBLE XIII”</b>				
<i>Renovación das instalacións de alumeado exterior nos concellos de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”</i>				
<i>Concello</i>	<i>Coste total elixible</i>	<i>Subvención máxima Idae (80% feder)</i>	<i>Aportación máxima Deputación de Pontevedra</i>	<i>Achega concello</i>
<i>Meis</i>	<i>90.181,88 €</i>	<i>72.145,50 €</i>	<i>9.018,19 €</i>	<i>9.018,19 €</i>
<i>Meaño</i>	<i>100.525,35 €</i>	<i>80.420,28 €</i>	<i>10.052,54 €</i>	<i>10.052,53 €</i>
<i>Vilanova de Arousa</i>	<i>152.862,23 €</i>	<i>122.289,78 €</i>	<i>15.286,22 €</i>	<i>15.286,23 €</i>
<i>Totales</i>	<i>343.569,46 €</i>	<i>274.855,56 €</i>	<i>34.356,95 €</i>	<i>34.356,95 €</i>



- En canto ao seu desglose atendendo ao concepto dos gastos reflíctese na seguinte táboa:

<b>MEDIDA 6: Renovación de las instalaciones de alumbrado, iluminación y señalización exterior</b>	
<b>CONCEPTO</b>	<b>COSTE ELEGIBLE (€)</b>
a. Honorarios Técnicos (Proyecto, certificado energético...)	9.210,00
b. Dirección facultativa	14.800,00
c. Coste Ejecución obra	259.931,70
d. Costes de obra civil asociada	
e. Adquisición equipos y materiales *	
f. Montaje instalaciones	
<b>TOTAL COSTE ELEGIBLE MEDIDA 6 (sin IVA)</b>	<b>283.941,70</b>
<b>TOTAL COSTE ELEGIBLE MEDIDA 6 (con IVA)</b>	<b>343.569,46</b>

- En canto á execución do proxecto está previsto que se inicie a tramitación administrativa trala concesión da axuda solicitada e estímase que no prazo de 15 meses, a contar a concesión da axuda, a obra estea rematada, polo que se prolongará hasta xullo do 2023, atendendo ao seguinte cadro de financiamento:

PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 "ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa"			
<i>Entidade</i>	<i>Execución (100% do investimento elixible admitido)</i>	<i>Execución no 2022 (70% do investimento elixible admitido)</i>	<i>Execución no 2023 (30% do investimento elixible admitido)</i>
<i>Axuda concedida IDAE (80% FEDER)</i>	274.855,56 €	192.398,89 €	82.456,67 €
<i>Achega Deputación de Pontevedra</i>	34.356,95 €	24.049,87 €	10.307,08 €
<i>Achega concellos</i>	34.356,95 €	24.049,87 €	10.307,08 €
<i>Total</i>	343.569,46 €	240.498,63 €	103.070,83 €

- Á vista do anterior cumpre a súa vez a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios.



## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017)*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Competencia:

- *De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 do Real Decreto 616/2017, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.*
- *Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*
- *Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*



- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*
- *Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o alumeadado público.*

#### *Petición e evacuación de informes:*

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

#### *Resolución do expediente*

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as Deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprometeuse a financiar unha porcentaxe das actuacións.*

### **III. CONCLUSIÓNS**

O proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación Exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeadado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación coa fin da mellora da rede de iluminación exterior dos concellos da provincia, polo que á súa vez, invitouse a estes a adherirse a dito proxecto. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo a FEDER (máximo 80% do custe elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación do 10% de cada actuación incluída no proxecto, cun máximo de 20.000 euros, e achegando o importe restante os concellos de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa como concellos beneficiarios.



*Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación Exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” é necesario realizar a aprobación do mesmo, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe de 274.855,56 € correspondente á subvención concedida mediante a Resolución de concesión de axudas do IDAE (número do proxecto FEDER-EELL-2020-005816), de data 22/04/2022 e número de entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra 2022010402.*

*Ao mesmo tempo é necesario realizar as operacións de xeración de crédito polo importe de 34.356,95 euros para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios aos concellos de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa. Tamén é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 34.356,95 euros.*

*Para este fin, de conformidade coa base 11ª e 27ª das de execución dos orzamentos provinciais, abríranse as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto” xerando crédito suficiente para tal fin.*

*Unha vez aceptada a concesión da axuda outorgada polo IDAE, iníciense os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda e máis das achegas dos concellos.*

*En consecuencia, cómpre completar o financiamento do proxecto subvencionado, mediante a concesión das axudas comprometidas pola Deputación para aos concellos beneficiarios, que ascenden en total a 34.356,95 euros.*

*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA polo IDAE o proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE MEIS, MEAÑO E VILANOVA DE AROUSA” e a CONCESIÓN das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios no marco deste proxecto de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.*

#### IV. RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.*

*A xefa do servizo de Cooperación  
(documento asinado electronicamente á marxe)  
Marina Piñeiro Novo”*



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 27/04/2022, e da Intervención Provincial de data 27/04/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a axuda concedida ao proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” para a súa execución, mediante Resolución Favorable do Director Xeral do IDAE con número de rexistro de entrada 2022010402 na Deputación de Pontevedra en data 22/04/2022 por un importe de 274.855,56 euros, sendo o total do investimento elixible admitido a cantidade de 343.569,46 euros.
- Aprobar o gasto para a anualidade 2022-2023 cos importes que correspondan dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”			
Entidade	Execución (100% do investimento elixible admitido)	Execución no 2022 (70% do investimento elixible admitido)	Execución no 2023 (30% do investimento elixible admitido)
Axuda concedida IDAE (80% FEDER)	274.855,56 €	192.398,89 €	82.456,67 €
Achega Deputación de Pontevedra	34.356,95 €	24.049,87 €	10.307,08 €
Achega concellos	34.356,95 €	24.049,87 €	10.307,08 €
Total	343.569,46 €	240.498,63 €	103.070,83 €



- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das Bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención concedida e polos importes das achegas dos concellos de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa, como se establece na base 11ª das Bases de execución do orzamento provincial; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.
- Aprobar a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeadado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” aos concellos beneficiarios e polos importes (achega Deputación) que se relacionan a continuación:

<i>“ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XIII” Renovación das instalacións de alumeadado exterior nos concellos de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa”</i>	
<i>CONCELLO</i>	<i>APORTACIÓN MÁXIMA DEPUTACION DE PONTEVEDRA</i>
<i>Meis</i>	<i>9.018,19 €</i>
<i>Meaño</i>	<i>10.052,54 €</i>
<i>Vilanova de Arousa</i>	<i>15.286,22 €</i>
<i>Totais</i>	<i>34.356,95 €</i>

- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 34.356,95 euros na aplicación 22/942.1650.652.15.2021 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- As presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:
  - A efectividade do acordo de concesión quedará supeditada ate a data da sinatura do correspondente convenio de colaboración con cada concello beneficiario, no que se recollerán pormenorizadamente as actuacións concretas a desenvolver, obrigas e dereitos das partes.
  - As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.





- Convén lembrar que o beneficiario deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ó abeiro do establecido nas bases reguladoras da convocatoria.
  - Segundo co asinado no Acordo entre beneficiarios, os concellos adheridos ao proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” delegan na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións que implica a substitución dos puntos de luz existentes e as actuais luminarias por luminarias LED máis eficientes.
  - Calquera outra obriga estipulada no referido Acordo entre Beneficiarios para o proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005816 “Iluminación exterior sostible XIII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Meis, Meaño e Vilanova de Arousa” nos respectivos convenios de colaboración, na normativa da Unión Europea de aplicación e súas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición, e calquera outra disposición legal ou regulamentaria aplicable.
- Darlle traslado do presente acordo ós concellos beneficiarios, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

#### 8.31678.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

A) Vista a relación de facturas con número 2022030581 que contén unha factura e por un importe de 1.161,60 € e con CSV: XPKK37QTO3HQ6XDF, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 28 de abril de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	1.161,60 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	1.161,60 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*





B) Vista a relación de facturas con número 2022030585 que contén 6 facturas e por un importe de 25.104,86€ e con CSV: 5XC0W69M3CB1U7SC, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 28 de abril de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	25.104,86€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	25.104,86€

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles*

9.31679.- APROBACIÓN DE PRORROGA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “PLAN MÓVESE. MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA. FASE III (LOTE 3)”. (Expte. 2020019248)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sisión ordinaria celebrada o día 26/03/2021 acordou adjudicar á empresa CONSTRUCCIONES RAFER, S.L., o contrato obra “Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote3-Zona Sur”, por un importe de 980.204,22 € IVE Incluído e un prazo de execución de doce (12) meses.

Resultando.- Que con data 05/05/2021 formalizouse acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 05/05/2022

Resultando.- Que con data 07/04/2022 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista solicitando unha prórroga UN (1) MES na execución deste contrato, xustificando a solicitude debido a que a situación internacional e nacional provocada polos acontecementos da guerra de Ucraia, provocou afección a distintos sectores. Isto unido á folga do sector do transporte que paralizou o desenvolvemento de moitas actividades, entre as que se atopa o sector da construción.



Resultando.- Que con data 18/04/2022 emitiu informe o director de obra, recollendo os seguinte: “...esta dirección facultativa considera que as causas alegadas dedemora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra en UN (1) MESES...”

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Vicesecretario da Deputación e o Interventor informando favorablemente o expediente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa *Construcciones Rafer, S.L.* unha prórroga de UN (1) MES, na execución do contrato de obras “Plan MOVESE. Mobilidade e Velocidade Segura. Fase III. Lote3-Zona SUR”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 05/06/2022.



10.31680.- APROBACIÓN DE PRORROGA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E SENDA PEONIL NA E.P. 9212 ENTRE NOALLA E A PRAIA DA LANZADA, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+224 (SANXENXO)”. (Expte.2021020912).

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 8 de novembro de 2021 acordou adxudicar á empresa ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.(CIF 88586920), o contrato de execución da obra “Mellora da seguridade viaria e senda peonil na E.P. 9212 entre Noalla e a praia da Lanzada, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+224 (Sanxenxo)”, cun prazo de execución de SEIS (6) MESES a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

Con data 31/12/2021 formalizouse entre o director de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre como data para finalizar a obra o día 31/06/2022.

Con data 29/03/2022 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista (REX\_WEB2022016593), solicitando ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, debido a que a situación xerada polo Covid-19 e outros factores como a problemática da loxística mundial de contenedores marítimos, está provocando un retraso acumulado e continuo no subministro de diversos materiais e equipos debido a problemas de desabastecemento de materias primas e compoñentes electrónicos entre outros que afectan a sectores como o do metal a construción etc.

Con data 01/04/2022 emitiu informe o director de obra, recollendo o seguinte: “...os ritmos de traballo víronse completamente ralentizados desde febreiro de 2022, e incluso paralizados durante as últimas semanas de marzo, ó ter falta de subministro dos materiais necesarios para continuar cos traballos que estaban executando nese momento os diferentes equipos de traballo existentes na obra, atopándose no momento dos problemas de subministro un equipo rematando a rede de recollida de augas pluviais e rede de abastecemento, executando pozos, sumidoiros e arquetas para deixar as redes completamente rematadas, e o outro equipo de traballo comezando a colocar caz prefabricado de formigón para a execución da futura senda peonil, motivo polo cal esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra en DOUS (2) MESES, ata o 31 de agosto do 2022...”

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Vicesecretario da Deputación e o Interventor informando favorablemente o expediente.



Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa *ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.*, (CIF88586920), unha prórroga de DOUS (2) MESES na execución do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria e senda peonil na E.P. 9212 entre Noalla e a praia da Lanzada, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+224 (Sanxenxo)*”, establecendo coma data para finalizar a obra o día 31/08/2022.

11.31681.- APROBACIÓN DE PRÓRROGA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 3303 TABAGÓN-GOÍÁN, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+795, TREITO I (O ROSAL)”. (Expte.2020055080)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 09/07/2021 acordo adxudicar o procedemento aberto simplificado convocado para a adxudicación do contrato de obras: “*Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goíán dende o PQ 0+000 ao 1+795 treito I (O Rosal)*”, á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. (CIF B36239861), por un importe de 568.488,16 € IVE incluído e un prazo de execución de DEZ (10) MESES.



Con data 16/10/2021 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de replanteo previo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 16/08/2021.

Con data 01/04/2022 tivo entrada a través do Rexistro Web da Deputación, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de DOUS (2) MESES, debido a que a situación xerada pola epidemia orixinada polo coronavirus e outros factores coma a problemática de loxística mundial de contenedores marítimos, que están provocando un retraso acumulado e continuo no subministro de diversos materiais e equipos debido a problemas de desabastecemento de materias primas e compoñentes eléctricos, entre outros que afecta a diversos sectores como son o de automoción, metal, construción etc. A esta situación se lle suma a folga nacional de transportes que provocou problemas de abasatecemento a nivel nacional e que afectou a todos os sectores.

Con data 20/04/2022 emitiu informe a directora de obra, recollendo o seguinte: *“...os ritmos de traballo víronse completamente ralentizados desde febreiro de 2022, e incluso paralizados durante as últimas semanas de marzo, ó ter falta de subministro dos materiais necesarios para continuar cos traballos que estaban executando nese momento os diferentes equipos de traballo existentes na obra, atopándose no momento dos problemas de subministro un equipo rematando a rede de recollida de augas pluviais, executando pozos, sumidoiros e arquetas para deixar as redes completamente rematadas, e o outro equipo de traballo completamente parado por falta de subministro de formigón, motivo polo cal esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra en DOUS (2) MESES, ata o 16 de setembro do 2022.*”

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Vicesecretario da Deputación e o Interventor informando favorablemente o expediente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: *“...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”*

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: *“...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”*



Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa *EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.*, unha prórroga de DOUS (2) MESES na execución do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goián dende o PQ 0+000 ao 1+795 treito I (O Rosal)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 16/09/2022

12.31682.- APROBACIÓN DE PRORROGA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “HUMANIZACIÓN DA INTERCONEXIÓN DAS RÚAS SAN BIEITO E EMIGRANTE COAS ESTRADAS DE PEITIEIROS E CHAÍN-MORGADÁNS (GONDOMAR)”. (Expte. 2020057466)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 2 de xullo de 2021 acordou adxudicar o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Humanización da interconexión das Rúas San Bieito e Emigrante coas estradas de Peitieiros e Chaín-Morgadáns (Gondomar)*” á empresa CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS, S.L. (B36147429) por un importe de 249.756,03 € IVE incluído e un prazo de execución de DOUS MESES.

Resultando.- Que con data 16/08/2021 formalizouse entre o contratista e a directora de obra, acta de comprobación de replanteo negativa, suspendendo o inicio das obras.

Resultando.- Que na data 08/03/2022 formalizase acta de comprobación de replanteo positiva, establecendo nese intre como data para finalizar a obra o día 08/05/2022.

Con data 18/04/2022 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, escrito do contratista, solicitando unha ampliación do prazo de execución da obra de UN (1) MES, debido a que ós problemas continuos de subministrados derivados dos problemas lóxicos e de stock a raíz da situación xerada pola pandemia e agravados pola folga de transportes que tivo lugar no mes de marzo de 2022, están a provocar continuos retrasos e desabastecemento de distintas materias primas, así como maquinaria para poder executar a obra en condicións normais.



Con data 20/04/2022 emitíu informe a directora de obra, recollendo o seguinte: “...os ritmos de traballo víronse completamente ralentizados e incluso paralizados durante as últimas semanas de marzo, ó ter falta de subministro dos materiais necesarios para continuar cos traballos que estaban executando nese momento os diferentes equipos de traballo existentes na obra, atopándose no momento dos problemas de subministro un equipo executando as diferentes redes, e o outro equipo de traballo completamente parado por falta de subministro de formigón para poder colocar o bordillo, motivo polo cal esta dirección facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra en UN (1) MES, ata o 8 de xuño do 2022.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Vicesecretario da Deputación e o Interventor informando favorablemente o expediente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Cosiderando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa *CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS, S.L.*, unha prórroga de UN (1) MES, na execución do contrato de obras “*Humanización da interconexión das Rúas San Bieito e Emigrante coas estradas de Peitieiros e Chaín-Morgadáns (Gondomar)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 08/06/2022.



13.31683-. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 8501 VALGA - MARTORES DENDE O P.Q. 1+050 ATA O P.Q. 1+500 (CONCELLO DE VALGA)”. (Expte. 2022007989)

Resultando.- Que Deputación de Pontevedra é titular da estrada EP-8501 Valga-Martores que transcorre polo Concello de Valga e que ten unha lonxitude de 6.160 m.

Resultando.- Que na actualidade, o tramo comprendido entre o P.Q. 1+050 e o P.Q. 1+500 da E.P. 8501 Valga –Martores necesita dunha actuación de mellora da seguridade viaria co fin de crear un itinerario peonil que comunique o núcleo de San Miguel coa zona escolar existente no P.Q. 1+500 da E.P., tramo moi frecuentado diariamente por nenos e nenas que acoden camiñando á escola por metade da estrada provincial ao non existir unha área reservada para os peóns que permita ir camiñando de forma cómoda e segura ata a zona escolar, existindo a maiores un tramo de 260 m do Camiño de Santiago entre o P.Q. 1+050 e o P.Q. 1+310 da E.P. 8501.

Resultando.- Que se trata dun entorno moi concorrido diariamente por peóns e peregrinos que se ven obrigados a camiñar por metade da estrada co risco e inseguridade viaria que iso produce. Por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na E.P.8501 Valga – Martores, dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500”.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 5 de novembro de 2021 aprobou o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Valga para a execución do proxecto “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga – Martores, dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500”. Con data 16 de novembro de 2021 formalizouse o devandito convenio.

Resultando.- Que no citado convenio, recóllese que os investimentos necesarios par a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación e o Concello de Meaño mediante as seguintes cantidades:

Entidade	Achega	%
Deputación de Pontevedra	323.765,12 €	70
Concello de Valga	138.756,48 €	30
Total investimento	462.521,60 €	100

Resultando.- Que recolle tamén que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redactar o proxecto técnico para a execución das obras, así como a súa licitación, dirección execución e recepción.





Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeira adscrita á empresa Galaicontrol, Trinidad López Rodríguez, o proxecto da obra “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga – Martores, dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (Concello de Valga)”, cun orzamento base de licitación de 462.521,60 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV): 5O910VH035JM37PK.

Resultando.- Que consta no expediente informe de no que se fai constar que o proxecto cumpre a normativa urbanística e ambiental, constando ademais autorización de execución das obras descritas no proxecto emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do día 14 de xaneiro de 2022, acordou aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga–Martores, dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (Concello de Valga)”, cun orzamento base de licitación de 462.521,60 € IVE incluído. Transcorrido o prazo información pública, sen que se presentaran reclamacións nin alegación, o proxecto citado quedou definitivamente aprobado. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) 5O910VH035JM37PK.

Resultando.- Que aprobado definitivamente o proxecto, recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado de Infraestruturas e Vías Provinciais, iniciando a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga–Martores, dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (Concello de Valga)”, remitindo a documentación para que se prepare o pertinente expediente e eleve ó órgano de contratación para a súa aprobación.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os documentos RC con número 202200002418 e 202200065063 por importes de 323.765,12 € e 138.756,48 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/456.4530.612.02.2021 e 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que con data 08/04/2022 emitiu informe o Secretario accidental da Deputación, recollendo o seguinte: “...*Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente tendo en conta as observacións sinaladas no presente informe, en especial, as relativas á explicación da utilización do prezo como único factor para o cálculo da desproporcionalidade...*”



Resultando.- Que con data 22/04/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización, recollendo o seguinte: “...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. A pesares de que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluábel mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na E.P. 8501 Valga - Martores dende o P.Q. 1+050 ata o P.Q. 1+500 (Concello de Valga)*” cun orzamento base de licitación de 462.521,60 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe .....	382.249,26 €
IVE (21%) .....	80.272,34 €
Importe Total .....	462.521,60 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 4VCBO1GSCL5Z6L46, e de prescricións técnicas con código (CSV) 5O910VH035JM37PK, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 462.521,60 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/456.4530.612.02.2021 e 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

14.31684.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO “SERVIZO DE REALIZACIÓN, EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN DO PLAN DE AFOROS E DO ESTUDO DE ACCIDENTALIDADE NA REDE DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN”. (Expte. 2021064703)

A Deputación de Pontevedra no ano 2017 realizou unha campaña de aforos que incluíu o aforamento da totalidade de estradas provinciais. Como resultado da mesma, realizouse unha xerarquización da rede de estradas en tres grupos e estableceuse unha planificación de aforamentos para os anos 2018 a 2021. A medición realizouse en tódolos casos con equipos pneumáticos.



Dado a limitación da duración dos aforos (uns diarios e outros semanais), para poder obter unha IMD comparable e non condicionada pola variabilidade estacional, fíxose unha extrapolación con datos de estacións afíns de estradas de competencia autonómica e estatal que si teñen rexistro de aforo continuo de todo o ano, de xeito que a intensidade de vehículos rexistrada no día ou semana aforada puidera ser transformada en datos de IMD referidos ao ano completo.

Por outra banda, para aquelas estradas ou treitos de estrada que non eran aforadas no ano en cuestión, empregáronse como estacións afíns outras estradas provinciais que si foron aforadas nese ano, de xeito que tódolos anos, dende 2018 ata 2021, se obtivo un listado da IMD de tódalas estradas e treitos.

O listado de treitos a aforar foise actualizando anualmente tendo en conta os datos rexistrados e as variacións no catálogo de estradas provinciais.

Con respecto ao estudo de accidentalidade, nos últimos anos vense realizando unha análise de carácter interno dos accidentes e dos TCAs cos datos do Arena II.

O xefe dos servizos técnicos de Infraestructuras e Vías Provinciais informa que o obxecto do contrato é definir as condicións necesarias para a realización, execución e explotación dun futuro plan de estacións de aforo nas estradas da rede da Deputación de Pontevedra onde se definan e planifiquen as sucesivas actuacións a realizar nos anos vindeiros co fin de dispor de datos actualizados anualmente que proporcionen un coñecemento detallado do tráfico existente na Rede Provincial de Estradas e tamén dispoñer de datos de accidentalidade.

O ámbito de traballo será a rede provincial de estradas, con arredor de 1.700 kms de lonxitude

Asimesmo informa que o Servizo de Infraestructuras e Vías Provinciais non dispón dos medios persoais nin materiais suficientes e adecuados para levar a cabo os traballos, adxunto a esta proposta, para os que se require persoal moi especializado e coa experiencia suficiente na materia para asegurar o cumprimento eficaz do obxecto do contrato.

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.

Na memoria xustificativa, o Xefe do Servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico administrativas.

Visto o informe emitido polo Sr. Secretario Xeral con data 22/02/2022.



Vistos os informes complementarios presentados en datas 25/02/2022 e 26/04/2022 polo Director de Infraestructuras e Vías Provincias.

Seguidamente trasládase o expediente de contratación ao Servizo de Intervención para que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro.

Resultando que pola Intervención, con data emitíuse documento RC, número de operación 202200016329 con cargo a aplicación orzamentaria 2022/456.4530.22706 (vinculación xurídica), por importe de 59.547,78, e RCs fut nº 202200016330, nº 202200016331, e nº 202200016332 cada un por importe 55.673,05€ e con cargo a mesma aplicación orzamentaria. Os importes correspondentes as anualidades 2023, 2024 e 2025 quedarán condicionadas a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito suficiente e adecuado nos mesmos.

Resultando que con data 2/05/2022 a Xefa do Servizo de Fiscalización, co Vº e Prace do Sr. Interventor emitiu informe de fiscalización do expediente *no que expón as seguintes observacións:*

*“(…) No expediente recóllese que se trata dun servizo moi especializado e se informa da necesidade de que o equipo técnico conte cunha experiencia mínima que garanta o éxito na prestación. Non obstante, na adscrición mínima de medios recollida no prego administrativo non se precisa esa experiencia mínima nin tampouco a titulación do equipo humano.(…)”*

*Para a valoración da “Memoria técnica dos traballos a realizar” (30 puntos) como criterio avaliable mediante un xuízo de valor establécense 2 subcriterios, a “Metodoloxía” (15 puntos) e o “Alcance dos traballos e coñecemento” (15 puntos). Na descrición de ambos parece que existe un solapamento, debendo distinguirse claramente qué aspectos se van a valorar en cada un deles para evitar duplicidades. Tamén sinalar que, dentro do criterio “Programa de traballos” nos dous subapartados recóllese as “inversións a realizar” o cal se debe revisar, pois parece un erro para este contrato en cuestión”.*

Vistas as observacións recollidas no informe de Intervención, procédese a súa aclaración, concretando a experiencia mínima requirida, e diferenciando os aspectos a valorar nos criterios avaliables mediante xuízos de valor.

Considerando que a disposición adicional décimo quinta da LCSP que fai referencia ás normas relativas ós medios de comunicación utilizables nos procedementos regulados nesta Lei, recolle o seguinte: *“(…) 2. A tramitación dos procedementos de adxudicación de contratos regulados na presente Lei, conlevará a práctica das notificacións e comunicacións derivadas dos mesmos por medios exclusivamente electrónicos. (...) 3. A presentación de ofertas e solicitudes de participación se levará a cabo utilizando medios electrónicos...”*

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de realización, execución e explotación do Plan de aforos e do estudo de accidentalidade na rede de estradas, da Deputación Provincial de Pontevedra, por importe total de 226.566,93€ (21% de IVE engadido).

SEGUNDO.-O prazo de duración é de catro anos a contar desde a data de formalización do contrato.

TERCEIRO.-Autorizar a tramitación ordinaria do gasto por importe total de 226.566,93 €, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022	456.4530.227.06 (vinculación xurídica)	59.547,78€
2023	456.4530.227.06	55.673,05€
2024	456.4530.227.06	55.673,05€
2025	456.4530.227.06	55.673,05€
	TOTAL	226.566,93€

OS IMPORTES CORRESPONDENTES ÁS ANUALIDADES 2023, 2024 E 2025 QUEDARÁN CONDICIONADOS A APROBACIÓN DOS RESPECTIVOS ORZAMENTOS E A EXISTENCIA DE CRÉDITO ADECUADO E SUFICIENTE NOS MESMOS.

CUARTO.-Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas csv (JN43XG9KTZM4319V) e o prego de prescricións técnicas co csv (62M9XRTJAT92D8FC).

QUINTO.- Designar como responsable do contrato ao Xefe dos Servizos técnicos de Infraestructuras e Vías Provinciais

SEXTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo de presentación de ofertas que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante



15.31685.- ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1, 2 E 3 DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULOS FURGONETAS, EN RÉXIME DE ALUGUER, PARA OS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.  
 (Expte.2021049376)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 11 de febreiro de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a conclusión, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dun Acordo Marco para a “*Subministración de furgonetas sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2021049376).

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE para a súa publicación con data 14 de febreiro de 2022 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16 de febreiro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste acordo marco.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica da Deputación de Pontevedra (Vortal). A Mesa de Contratación na reunión do día 17 de marzo de 2022 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes, non habendo empresas inadmitidas:

NIF	EMPRESA	Lotes aos que se presenta
A 12363529	Andacar 2000, S.A.	1 e 2
A 15019243	Empresa Monforte, S.A.U.	1 e 2
B 95701843	Cronorent, S.L.	2 e 3

Seguidamente, a Mesa de Contratación procedeu á apertura dos sobre “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, aportada polas empresas que concorren neste procedemento aberto, sendo os valores ofertados os indicados no certificado da mesa de contratación con (CSV PO5I48Y0QQUAJW5O).

Con data 30 de marzo de 2022 e 07 de abril de 2022, o Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación emite informes relativos á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitantes (CSV: A432N'TKHR1AQBTY5) e (CSV: XW8JCTRFBDTR48ZM).



Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre B, de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas, as puntuacións acadadas polas empresas licitantes en cada un dos lotes son as seguintes:

#### LOTE 1: FURGONETAS DE 5 PRAZAS

CRITERIOS DE ADJUDICACION LOTE 1	ANDACAR 2000, S.A. (CIF: A-12.363.529)	MONFORTE, S.A.U. (CIF: A-15.019.243)
<b>SOBRE B</b>		
1. Menor prezo unitario mensual ofertado, ata un máximo de 35 puntos.	17,00	34,47
2. Ferramenta informática de xestión de incidencias e localización de flota, ata 15 puntos.	0,00	15,00
3. Quilometraxe dos vehículos, ata 15 puntos.	15,00	15,00
4. Redución no prazo de entrega dos vehículos ofertados, ata 15 puntos.	0,00	15,00
5. Aumento potencia dos vehículos ofertados, ata 15 puntos.	15,00	0,00
6. Equipamento complementario, ata 5 puntos.	5,00	5,00
<b>TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 100 puntos)</b>	<b>52,00</b>	<b>84,47</b>

#### LOTE 2: FURGONETAS DE LOXÍSTICA

CRITERIOS DE ADJUDICACION LOTE 2	ANDACAR 2000, S.A. (CIF: A-12.363.529)	MONFORTE, S.A.U. (CIF: A-15.019.243)	CRONORENT, S.L. (CIF: B-957001843)
<b>SOBRE B</b>			
1. Menor prezo unitario mensual ofertado, ata un máximo de 35 puntos.	1,45	3,63	8,09
2. Ferramenta informática de xestión de incidencias e localización de flota, ata 15 puntos.	0,00	15,00	15,00
3. Quilometraxe dos vehículos, ata 15 puntos.	15,00	15,00	14,99
4. Redución no prazo de entrega dos vehículos ofertados, ata 15 puntos.	0,00	0,00	0,00
5. Aumento potencia dos vehículos ofertados, ata 15 puntos.	0,00	10,00	0,00
6. Equipamento complementario, ata 5 puntos.	5,00	5,00	5,00
<b>TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 100 puntos)</b>	<b>21,45</b>	<b>48,63</b>	<b>43,08</b>





**LOTE 3: FURGONETAS DE CARGA**

CRITERIOS DE ADJUDICACION LOTE 3	CRONORENT, S.L. (CIF: B-957001843)
<b>SOBRE B</b>	
1. Menor prezo unitario mensual ofertado, ata un máximo de 35 puntos.	2,30
2. Ferramenta informática de xestión de incidencias e localización de flota, ata 15 puntos.	15,00
3. Quilometraxe dos vehículos, ata 15 puntos.	15,00
4. Redución no prazo de entrega dos vehiculos ofertados, ata 15 puntos.	0,00
5. Aumento potencia dos vehículos ofertados, ata 15 puntos.	0,00
6. Equipamento complementario, ata 5 puntos.	5,00
<b>TOTAL PUNTUACION B (Ata un máx. de 100 puntos)</b>	<b>37,30</b>

En base ás puntuacións obtidas polas empresas licitadoras en cada un dos lotes, a Mesa de Contratación na reunión celebrada o 07 de abril de 2022 acorda aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto convocado para a conclusión dun acordo marco para a “*Subministración de furgonetas sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra*”, que queda da seguinte forma:

**Lote número 1: FURGONETAS 5 PRAZAS**

Posición	Licitador	Sobre “B”	Puntuación Total
1ª	MONFORTE, S.A.U. (C.I.F. A-15019243)	84,47	84,47
2ª	ANDACAR 2000, S.A. (C.I.F. A-12363529)	52,00	52,00

**Lote número 2: FURGONETAS DE LOXISTICA**

Posición	Licitador	Sobre “B”	Puntuación Total
1ª	MONFORTE, S.A.U. (C.I.F. A-15019243)	48,63	48,63
2ª	CRONORENT, S.L. (CIF: B-957001843)	43,08	43,08
3ª	ANDACAR 2000, S.A. (C.I.F. A-12363529)	21,45	21,45



20.31690.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO DO ACORDO MARCO QUE REGULA AS “OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022, CORRESPONDENTE AO LOTE 4-ZONA D2”. (Expte.2022017780)

Resultando.- Que o Pleno da Deputación na súa sesión de data 27/11/2020 aproba o expediente de contratación para a conclusión mediante procedemento aberto do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2021”. No mesmo acto aprobouse o prego de cláusulas económico-administrativas e o prego de prescricións técnicas o que se lle asignou un código CSV: FZM1GLVJT8C9B7BK.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 26/03/2021 acordou adxudicar o LOTE4-ZONA D, do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2021”, á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., que ofertou unha porcentaxe de baixa do 17,10%.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 25/03/2022 acordou aprobar a primeira prórroga do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que con data 05/04/2022 recibíuse no Servizo de Contratación solicitude dos Xefes do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicitando a tramitación do contrato derivado Lote 4- Zona D2 do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”. Xunta memoria valorada para o presente contrato derivado cun código CSV: 93NH4GXF7OZ6JLNG, por un importe de 878.597,95 € unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista.

Resultando.- Que con data 29/04/2022 o Servizo de Intervención emitiu informe favorable de fiscalización.

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 5.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizarase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do contrato derivado do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 4- Zona D2” formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código CSV: FZM1GLVJT8C9B7BK mais a memoria valorada á que se lle asignou un código CSV: 93NH4GXF7OZ6JLNG.
2. Dispoñer o gasto por importe de 878.597,95 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01, dentro do presuposto de gasto código nº 2020022322/4.
3. Adxudicar o contrato derivado do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022. Lote 4- Zona D2”, á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A. (A36008886), por importe de 878.597,95 € IVE incluído.

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.;  
Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable:  
LA0006135; número de expediente: 2022017780.



Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Nomear responsable do contrato á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino.
5. Requirir á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., para que no prazo de DEZ DIAS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía por importe de 36.305,70 €.

21.31691.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO DO ACORDO MARCO QUE REGULA AS “OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022, CORRESPONDENTE AO LOTE 2-ZONA B2”. (EXPTE. 2022017776)

Resultando.- Que o Pleno da Deputación na súa sesión de data 27/11/2020 aprobar o expediente de contratación para a conclusión mediante procedemento aberto do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2021”. No mesmo acto aprobouse o prego de cláusulas económico-administrativas e o prego de prescricións técnicas o que se lle asignou un código CSV: FZM1GLVJT8C9B7BK.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 26/03/2021 acordou adxudicar o LOTE 2 - ZONA B, do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2021”, á empresa UTE GRUSAMAR INGENIERIA Y CONSULTING, S.L.U. – CANARGA, S.L., de 867.894,27 €, cunha porcentaxe de baixa do 16,60%.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 25/03/2022 acordou aprobar a primeira prórroga do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que con data 06/04/2022 o xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais e a xefa dos servizos administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais emiten informe proposta, que conta co visto e praxe do deputado delegado, solicitando a tramitación do contrato derivado Lote 2- Zona B2 do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022”. Xunta memoria valorada para o presente contrato derivado cun código csv: 7YK86SOXA7ZXE8X7, por un importe de 867.894,27 € unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista.



Resultando.- Que con data 29/04/2022 o Servizo de Intervención emitiu informe favorable de fiscalización.

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 5.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizarase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do contrato derivado Lote 2 - Zona B2 do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022” formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código csv: FZM1GLVJT8C9B7BK mais a memoria valorada á que se lle asignou un código csv: 7YK86SOXA7ZXE8X7.
2. Dispoñer o gasto por importe de 867.894,27 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01, dentro do presuposto de gasto cód nº 2020022322/2.
3. Adxudicar o contrato derivado Lote 2 - Zona B2 do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022”, á empresa UTE GRUSAMAR INGENIERIA Y CONSULTING, S.L.U. – CANARGA, S.L. (U05492525) por importe de 867.894,27 €, IVE incluído.

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022017776.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Nomear responsable do contrato o Xefe de Sección de Conservación e Explotación do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Don César Paredes Rodríguez.
5. Requirir á empresa UTE GRUSAMAR INGENIERIA Y CONSULTING, S.L.U. – CANARGA, S.L., para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía por importe de 35.863,40 €.

22.31692.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO DO ACORDO MARCO QUE REGULA AS “OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022, CORRESPONDENTE AO LOTE 5-ZONA E2”. (Expte. 2022017782)

Resultando.- Que o Pleno da Deputación na súa sesión de data 27/11/2020 aprobou o expediente de contratación para a conclusión mediante procedemento aberto do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2021”. No mesmo acto aprobouse o prego de cláusulas económico-administrativas e o prego de prescricións técnicas o que se lle asignou un código CSV: FZM1GLVJT8C9B7BK.



Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 26/03/2021 acordou adxudicar o LOTE5-ZONA E, do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2021”, á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., de 723.075,87 € que ofertou unha porcentaxe de baixa do 15,73 %.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión de data 25/03/2022 acordou aprobar a primeira prórroga do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que con data 05/04/2022 o xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais e a xefa dos servizos administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais emiten informe proposta, que conta co visto e prace do deputado delegado, solicitando a tramitación do contrato derivado “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022” Lote5- Zona E2. Xunta memoria valorada par ao presente contrato derivado cun código csv: 87X6Y8CUDKCKWK7E3, por un importe de 723.057,28 € unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista.

Resultando.- Que con data 29/04/2022 o Servizo de Intervención emitiu informe favorable de fiscalización.

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 5.1 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobado o proxecto de execución do contrato derivado do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022. Lote 5- Zona E2” formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código csv: FZM1GLVJT8C9B7BK mais a memoria valorada á que se lle asignou un código csv: 87X6Y8CUDKCKWK7E3.
2. Dispoñer o gasto por importe de 723.057,28 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.01, dentro do presuposto de gasto cód nº 2020022322/5 .
3. Adxudicar o contrato derivado do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2022. Lote 5- Zona E2”, á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., por importe de 723.057,28 € IVE incluído.

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022017782.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Nomear responsable do contrato ó Enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais Dona M<sup>a</sup> Elena Pérez Alonso.





5. Requirir á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á notificación do presente acordo, constituía na Tesourería da Deputación, garantía complementaria por importe de 29.878,40 €.

23.31693.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA UTE PUENTE GOIÁN-VILANOVA, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO “SERVIZO DE REDACCIÓN DO ANTEPROXECTO, E DA EVENTUAL REDACCIÓN DO PROXECTO CONSTRUTIVO, DUNHA PONTE INTERNACIONAL PARA PEÓNS E BICICLETAS SOBRE O RÍO MIÑO, NO MARCO DO PROXECTO 0044 VISIT RIO MINHO 1 P” (Expte.2018009525). (Devogarán. 2022017092).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de decembro de 2019 (CSV.- QQDK7Z98QS82BKSF), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de redacción do anteprojecto, e da eventual redacción do proxecto construtivo, dunha ponte internacional para peóns e bicicletas sobre o Río Miño, entre os parques Espazo Fortaleza, en Goián-Tomiño (España) e O Castelinho, en Vila Nova de Cerveira (Portugal), no marco do proxecto “0044\_visit\_rio\_minho\_1\_p”* (Expte. 2018009525).

Para responder da realización deste servizo, a entidade mercantil UTE PUENTE GOIÁN-VILANOVA (C.I.F.U-88532965), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 7.286,36€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201900233295 de data 19/12/2019.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal indica que a entidade licitadora cumpriu a normativa, ofrecendo un estándar de calidade non inferior aos establecidos pola Administración Pública e todo elo con estrita suxeición ao réxime xurídico e ao prego aprobado, o que procede é a devolución da fianza depositada.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil UTE PUENTE GOIÁN-VILANOVA, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de redacción do anteproxecto, e da eventual redacción do proxecto construtivo, dunha ponte internacional para peóns e bicicletas sobre o Río Miño, entre os parques Espazo Fortaleza, en Goián-Tomiño (España) e O Castelinbo, en Vila Nova de Cerveira (Portugal), no marco do proxecto “0044\_visit\_rio\_minho\_1\_p”*”, sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ARQUILA BANK*, por importe de 7.286,36 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 19/12/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900233295.

24.31694.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, ZURICH INSURANCE PLC SUCURSAL EN ESPAÑA, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO “CONTRATO RELATIVO A CONTRATACIÓN DOS SEGUROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA (EXERCICIOS 2018-2020)” (Expte.2017018315) (Devogarán. 2022024813).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 01 de decembro de 2017 (Núm. Expte. 2017022147, de data 04/12/2017), adjudicouse o contrato relativo a “*Seguros da Deputación de Pontevedra e da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, para os exercicios de 2018 a 2020*” (Expte. 2017018315).

Para responder da realización do deste servizo, a empresa ZURICH INSURANCE PLC SUCURSAL EN ESPAÑA (CIF.- W-0072130-H), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, por importe de 8.250,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201700195623 de data 27/11/2017.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Asesoría Xurídica no cal se informa favorablemente á devolución da garantía definitiva ao terse cumprido o contrato de xeito satisfactorio no relativo aos expedientes de responsabilidade patrimonial nas vías administrativa e contenciosa.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa ZURICH INSURANCE PLC SUCURSAL EN ESPAÑA, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Seguros da Deputación de Pontevedra e da Fundación Escola Universitaria de Enfermería, para os exercicios de 2018 a 2020*” (Expte. 2017018315), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de BBVA, por importe de 8.250,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 27/11/2017, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201700195623.

25.31695.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA PLAY PLAN CULTURAL, S.L.U., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO AO PATROCINIO PUBLICITARIO DO FESTIVAL “SONRÍAS BAIXAS 2021” A CELEBRAR NO MUNICIPIO DE BUEU OS DÍAS 5, 6 E 7 DE AGOSTO DE 2021 (Expte. 2020026340) (Devogarán. 2022021551)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 23 de febreiro de 2018 (Núm. Rex.- 2018003631, de data 01/03/2018), adxudicouse o contrato relativo a “*Servizo de aspirado, limpeza e xestión de residuos orgánicos xerados polos cans acollidos no centro de acollida de animais abandonados de Armenteira da Deputación Provincial de Pontevedra*” (Expte. 2020026340).



Para responder da realización deste servizo, a empresa PLAY PLAN CULTURAL, S.L.U. (CIF.- B-94168705), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 2.500,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 202000128283 de data 20/07/2020.

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Turismo Rías Baixas no cal se informa que PLAY PLAN CULTURAL, S.L.U., cumpriu satisfactoriamente dito contrato, non incorrendo en anomalía, incidencia ou responsabilidade derivada da execución do mesmo, polo que procede a devolución da garantía definitiva.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa PLAY PLAN CULTURAL, S.L.U., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de aspirado, limpeza e xestión de residuos orgánicos xerados polos cans acollidos no centro de acollida de animais abandonados de Armenteira da Deputación Provincial de Pontevedra*” (Expte. 2020026340), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 2.500,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 20/07/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000128283.



26.31696.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L., CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO A “<CALIDADE E SAÚDE> DOS SEGUINTE EXPEDIENTES: 2020055391, 2020050795 E 2021004758” (Expte.2020026340) (Devogarán. 2022022595)

Por acordo do Pleno da Corporación Provincial, celebrada na súa sesión extraordinaria de data 06 de abril de 2018 (CSV.- GKSUWAGS9I600QF99), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do Acordo Marco para regular a prestación do “Servizo de “seguridade e saúde” dos seguintes expedientes: 2020055391, 2020050795 e 2021004758”.

Para responder da realización deste servizo, a empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF.- B-81.470.842), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos seguintes importes:

EMPRESA	EXPT.E.	DENOMINACIÓN	IMPORTE
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (B-81470842)	2020055391	Mellora do drenaxe lonxitudinal na E.P. 1201 Marín-Penizas, do P.Q. 2+790 ó P.Q. 3+050 (Marín).	31,75€
	2020050795	Mellora do drenaxe lonxitudinal na E.P. 9005 Corbillón-Tremoedo, do P.Q. 0+900 ó P.Q. 1+100 (Cambados).	45,75€
	2021004758	Mellora da seguridade viaria na EP-0509 Ramal da Igrexa-Portela do P.Q. 0+000 ao P.Q.0+240. Concello de Barro	31,75€

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas no cal establece que o técnico responsable, aos efectos de informar as correspondentes devolucions de fianza, informa que dita empresa cumpriu satisfactoriamente co obxecto dos contratos derivados anteriormente relacionados, polo que procede a devolución das fianzas constituídas ao efecto.

Resultando que no expediente figuran informes emitidos pola Intervención nos cales indica que existen na caixa da Deputación as constituções por parte da empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente informa favorablemente ás devolucions das mesmas.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverse a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación da “seguridade e saúde” dos contratos derivados números 2020055391, 2020050795 e 2021004758 do acordo marco para regular a prestación do “*Servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2020014145), sen que existan obrigas pendentes.

SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L., por resultar adjudicataria dos expedientes de “seguridade e saúde” de ditos contratos derivados e que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en metálico por importe de trinta e un euros con setenta e cinco céntimos (31,75 €), para responder do contrato de “*Servizo de seguridade e saúde nas obras de Mellora do drenaxe lonxitudinal na E.P. 1201 Marín-Penizas, do P.Q. 2+790 ó P.Q. 3+050. Concello de Marín*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 09/04/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100065956.
- o A garantía definitiva constituída en metálico por importe de corenta e cinco euros con setenta e cinco céntimos (45,75 €), para responder do contrato de “*Servizo de seguridade e saúde nas obras de Mellora do drenaxe lonxitudinal na E.P. 9005 Corbillón-Tremoedo, do P.Q. 0+900 ó P.Q. 1+100. Concello de Cambados*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 09/04/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100065943.
- o A garantía definitiva constituída en metálico por importe de trinta e un euros con setenta e cinco céntimos (31,75 €), para responder do contrato de “*Servizo de seguridade e saúde nas obras de Mellora da seguridade viaria na EP-0509 Ramal da Igrexa-Portela do P.Q. 0+000 ao P.Q.0+240. Concello de Barro*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 23/04/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100078479.



27.31697.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB BILLARISTAS ERRANTES Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “CTO. GALEGO A TRES BANDAS” (Expte. 2021021701)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Club Billaristas Errantes* con NIF: G27825322 do *Concello de Vigo*, por un importe de 208,61 € para o “*Cto. galego de billar a tres Bandas*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022025068 con data 25/04/2022 do citado club renunciando á subvención pola imposibilidade da súa xustificación, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

28.31698.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CD OLD SCHOOL BOXING Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “CTO. ESPAÑA DE BOXEO” (Expte. 2021022727)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Cd Old School Boxing* con NIF: G27773928 do *Concello de Vigo*, por un importe de 5.673,82 € para o “*Cto. España De Boxeo*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022025243 con data 2/04/2022 do citado club renunciando á subvención dado que se celebrou fóra da provincia de Pontevedra, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

29.31699.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CLUB ATLETISMO TUI Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “DEPORTE FEDERADO CATEGORÍA INFERIOR A NACIONAL (ATLETISMO)” (Expte.2021011982)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 28 de maio de 2021 unha subvención a favor do *Club Atletismo Tui* con NIF: G36259620, do *Concello de Tui*, por un importe de 1.409,71 € para “*Deporte federado ámbito inferior a nacional (Atletismo)*” e con cargo á aplicación 21/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022025237 con data 26/04/2022 do citado club renunciando á subvención concedida pola súa imposibilidade de xustificación, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



30.31700.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN XUVENTUDES MUSICAIS EIXO ATLÁNTICO DO CONCELLO DE TUI Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A “MOSTRA MUSICAL: ROSENDO SALVADO”, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 02/07/2021(EXPTE. 2021020605)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 02/07/2021 unha subvención a favor da *Asociación Xuventudes Musicais Eixo Atlántico*, con CIF: G-94.076.437, do *Concello de Tui*, por un importe de 2.468,77 €, para a “*Mostra musical: Rosendo Salvado*” con cargo á aplicación 21/330.3340.489.05, e recibido escrito presentado, no Rexistro xeral, con data 28/04/2021 da citada Entidade renunciando á subvención concedida no seu día, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de conformidade co establecido no art. 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

31.31701.- REDISTRIBUCIÓN DO FINANCIAMENTO DO CONTRATO PARA PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE XESTIÓN DO CASTELO DE SOBROSO”. (Exppte.2021036804).

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 24 de xaneiro do 2022, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “*servizo de xestión do Castelo de Sobroso*”, cun orzamento base de licitación de 147.670,82 euros.

Na cláusula 4 do prego administrativo regulador do procedemento preveuse o seguinte cadro de financiación para as obrigas derivadas do contrato:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022 (abril-décembro)	22/433.3363.227.99	110.753,11 €
2023 (xaneiro-marzo)	23/433.3363.227.99	36.917,71

Na mesma cláusula indicouse que as obrigas do ano 2023 contabilizáranse na correspondente aplicación, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo, e que o cadro de financiamento previsto podería sufrir variacións en función da data na que se formalizase e iniciase o contrato.

Visto que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 11 de marzo do 2022, adxudicou o contrato á empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo sen IVE:	109.800,00 €
IVE (21%):	23.058,00 €
Prezo total:	132.858,00 €





Visto que o contrato se formalizou en documento administrativo con data 4 de abril do 2022, e que con data 5 de abril de 2022 reuníronse as partes no Castelo de Sobroso para a entrega de chaves e o levantamento da correspondente acta de inicio, quedando fixada nesa data o inicio do contrato. Tendo en conta que, con data 26 de abril do 2022, o xefe do servizo de Contratación informa que, á vista da data fixada para o inicio do contrato, e do prezo ofertado pola empresa contratista, é necesario aprobar a redistribución do financiamento do contrato conforme ao seguinte:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022 (5 abril-decembro)	22/433.3363.227.99	98.167,30 €
2023 (xaneiro-4 abril)	23/433.3363.227.99	34.690,70 €

Quedando os importes correspondentes ao ano 2023 condicionados á aprobación do respectivo orzamento e á existencia de crédito axeitado e suficiente no mesmo.

Visto o informe favorable da Intervención, de data 27 de abril do 2022.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a redistribución do financiamento do contrato de “*Servizo de xestión do Castelo de Sobroso*”, que queda da seguinte maneira:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2022 (5 abril-decembro)	22/433.3363.227.99	98.167,30 €
2023 (xaneiro-4 abril)	23/433.3363.227.99	34.690,70 €

Quedando os importes correspondentes ao ano 2023 condicionados á aprobación do respectivo orzamento e á existencia de crédito axeitado e suficiente no mesmo.



32.31702.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN DOS CENTROS, EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, SUBSCRITO COA EMPRESA AURA ENERGÍA, S.L.” (Expte.2019007910)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 7 de xuño de 2019, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “Subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión dos centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra”, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas reguladores da contratación.

Despois da correspondente licitación, a Xunta de Goberno, na súa sesión extraordinaria do día 2 de setembro de 2019, adxudicou o contrato á empresa *Aura Energía, SL* ( B-65552432) polos seguintes prezos e valores ofertados:

TARIFA	PERIODO	PREZOS MÁXIMOS A OFERTAR POLA ENERXÍA EN TARIFAS CON CUPS			PREZOS UNITARIOS A OFERTAR POLO LICITADOR PARA CADA TARIFA E PERIODO		
		PREZO MÁXIMO CENT. €/KWh SEN PEAXE, SEN IVA, SEN IEE	PESO NA PONDERACIÓN	VALOR PONDERADO	PREZO MÁXIMO CENT. €/ kWh SEN PEAXE, SEN IVA, SEN IEE OFERTADO POLO LICITADOR	VALOR PONDERADO DE LICITACIÓN	
2.0 A		12,4871	1,135	14,172855	8,632879 €	9,798317665	
2.0 DHA	P1	14,7839	0,413	6,1057507	8,847182 €	3,653886166	
	P2	7,0438	1,245	8,769531	7,390427 €	9,201081615	
2.1 DHA	P1	16,0315	0,281	4,5048515	8,879379 €	2,495105499	
	P2	8,1351	0,615	5,0030865	7,291420 €	4,4842233	
3.0A	P1	11,266	4,642	52,296772	8,887630 €	41,25637846	
	P2	9,3941	12,932	121,4845012	8,037700 €	103,9435364	
	P3	6,8722	5,852	39,9235144	6,478148 €	37,9101221	
3.1 A	P1	9,9201	5,514	54,6994314	8,054493 €	44,4124744	
	P2	8,873	9,894	87,789462	7,473337 €	73,94119628	
	P3	6,7503	6,767	45,6792801	5,959402 €	40,32727333	
6.1 A	P1	11,2357	4,2	47,18994	8,280005 €	34,776021	
	P2	9,8692	5,231	51,6257852	7,558048 €	39,53614909	
	P3	8,9375	2,894	25,865125	7,434744 €	21,51614914	
	P4	7,9041	4,623	36,5406543	7,136500 €	32,9920395	
	P5	7,437	6,571	48,868577	7,100800 €	46,0593568	
	P6	6,5376	27,191	177,7638816	6,207300 €	168,7826943	
Media Ponderada de Licitación (P)				8,282830	Media Ponderada dos prezos unitarios ofertados (P*)	7,156860	
*Media Ponderada de Licitación (P): Resulta de multiplicar cada prezo unitario máximo (cts kWh) sen peaxes, sen IVA e sen IEE polo peso ponderado segundo o consumo de cada tarifa e o consumo respecto ó total. Sómense todos os produtos e se dividen entre 100.						8,282830	
*Media ponderada dos prezos unitarios ofertados (P*): É o dato que se utilizará para aplicar a fórmula a efectos de calcular o criterio de valoración "Menor Prezo da proposta económica".						7,156860	

- Media ponderada dos prezos unitarios ofertados (P\*): 7,156860
- Porcentaxe de enerxía procedente de fontes renovables ofertada a partires do mes de xaneiro de 2020: 100%

- Prezos unitarios para as TARIFAS SEN CUPS:

TARIFAS SEN CUPS (Tarifas sen contrato na actualidade)			
Tarifas en baixa tensión		Prezo ofertado por consumo de enerxía c€/kWh (sen peaxes, sen IEE, sen IVE)	
2.0 DHS	Pc ≤ 10 kW	P <sub>1</sub>	9,035252
		P <sub>2</sub>	8,077310
		P <sub>3</sub>	6,815291
2.1 A	10 < Pc ≤ 15 kW	P <sub>1</sub>	8,536425
2.1 DHS	10 < Pc ≤ 15 kW	P <sub>1</sub>	8,959573
		P <sub>2</sub>	8,104202
		P <sub>3</sub>	6,723423
Tarifas en media e alta tensión		Prezo ofertado por consumo de enerxía c€/kWh (sen peaxes, sen IEE, sen IVE)	
6.1 B	30 kV a 36 kV	P <sub>1</sub>	8,280005
6.2	36 kV a 72,5 kV	P <sub>1</sub>	8,126948
6.3	72,5 kV a 114,5 kV	P <sub>1</sub>	8,006087
6.4	Maior ou igual a 114,5 kV	P <sub>1</sub>	7,877103

O contrato entrou en vigor o día 1 de outubro do 2019, data da súa formalización, cun prazo de duración de dous anos, e a posibilidade de dúas prórrogas anuais, obrigatorias para o contratista sempre que se avisasen con dous meses de antelación.

Visto que a partir do 1 de xuño de 2021 produciuse una modificación na tipoloxía tarifaria e a contía das peaxes e cargos do sistema eléctrico nacional, como consecuencia da Resolución da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, do 18 de marzo de 2021, pola que se establecen os valores dos peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución de electricidade, e a Orde TED/371/2021, de 19 de abril, pola que se establecen os prezos dos cargos do sistema eléctrico e dos pagos por capacidade. Á vista da referida modificación, a empresa *Aura Enerxía, S.L.* con data 15 de xullo do 2021, remitiu os cálculos de adaptación das novas tarifas.

Visto que o servizo de Arquitectura, con data 22 de xullo do 2021, considerando razoables os cálculos achegados pola empresa para adaptarse á nova normativa, informou favorablemente a prórroga do contrato (CSV: 31V6U6OFTARW7957, complementado co informe CSV: FP7HNXYUPYHGW3HZ).

Realizado o oportuno preaviso á empresa contratista (NOT2021011297, do 22/07/2021), a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 6 de agosto do 2021, acordou aprobar a prórroga do contrato para o período comprendido entre o 1 de outubro do 2021 e o 30 de setembro do 2022, conforme aos novos prezos adaptados á normativa de aplicación.



Visto que, con data 22 de setembro do 2021, tivo entrada na sede electrónica da Deputación escrito da empresa *Aura Energía, S.L.* (Núm. Rexistro: WEB 2021036246), no que, atendendo ao incremento experimentado no prezo da electricidade, solicita a modificación do contrato en base ao artigo 205.2b da LCSP, co obxecto de substituír o prezo fixo para MWh contratado polo “prezo indexado ao mercado diario OMIE” a reserva da liquidación do contrato.

Con data 13 de outubro do 2021, recibíuse novo escrito da empresa (Núm. Rexistro: WEB2021039313), no que solicita a resolución do contrato de conformidade co artigo 211.1.g) da LCSP, coa indemnización prevista no artigo 231.4, pola imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados.

Con data 9 de novembro do 2021, a empresa volve a presentar novo escrito (Núm. Rexistro: WEB2021042602), no que comunica que, con efectos inmediatos, suspenderán a execución do contrato co traslado dos diferentes puntos de subministración de electricidade á correspondente compañía comercializadora de referencia.

Visto que, en resposta a dito escrito, o xefe do servizo de Contratación, con data 10 de novembro do 2021 (NOT2021017425), informa á empresa contratista que *“dita actuación de forma unilateral carregaría o incumprimento das obrigas esenciais do contrato, e polo tanto levaría a esta Administración a resolver o contrato, con actitude culpable do contratista, incautando a garantía, o que conllevaría, á súa vez, á comunicación da prohibición de contratar ás Xuntas Consultivas de Contratación Pública. Amais da posible reclamación de danos e perdas que se produza para esta Administración como consecuencia desta decisión da empresa contratista”*.

De conformidade co informe emitido nesa mesma data polo xefe do servizo de Contratación (CSV: 2Z9W92Y4EJGAL63X), que, co visto e prace da Secretaría Xeral, conclúe que o contratista atópase vinculado polos termos do contrato, incluíndo a prórroga. Non considera posible atender ás súas solicitudes, xa que unha modificación do contrato para alterar o prezo ofertado suporía unha revisión de prezos encuberta, non prevista nesta contratación, e non resulta aplicable a causa de resolución establecida no artigo 211.1.g) da LCSP, pois a subministración da enerxía veuse realizando sen ningunha incidencia apreciable nos últimos meses.

Visto que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 19 de novembro do 2021, en base ao referido informe, acorda denegar as solicitudes de modificación e resolución do contrato ex artigo 211.1.g) LCSP, presentadas pola empresa contratista.

De conformidade co informe do responsable do contrato, de data 15 de novembro do 2021 (CSV: E436AC4GG29QRMS8), sobre o cambio de comercializadora de varios puntos de subministración da Deputación de Pontevedra, que informa que as empresas distribuidoras *Grupo Sestelo Inwestimentos, SL, Sociedade Electricista de Tui Distribuidora, SL e Eléctrica de Catoira, SL*, reciben solicitude de baixa dos puntos de subministración pertencentes a Deputación de Pontevedra por parte de *Aura Enerxía S.L.* Estas empresas distribuidoras automaticamente inician en cada punto de subministración o proceso de traspaso á comercializadora de último recurso.



De conformidade co informe do responsable do contrato, de data 3 de febreiro do 2022 (CSV: HWCBBE9FQY8FANDP) sobre o estado actual dos puntos de subministración, que informa o seguinte:

*“(…) De acordo cos datos obtidos da web de Aura Enerxía, en data 10 de xaneiro de 2022, compróbase que todos os puntos de subministración que corresponden a Deputación de Pontevedra están dados de baixa, polo que de acordo coa lexislación vixente debeuse iniciar o proceso de traspaso á comercializadora de último recurso.*

*É necesario indicar que se tentou contrastar esta información, en distintas ocasións e ao longo do tres últimos meses coa empresa distribuidora UFD. No entanto, non se obtivo ningunha resposta na que se acredite esta circunstancia. En todo caso, comunícase que, de acordo coa información recibida dos distintos centros xestores, a empresa Comercializadora Regulada Gas & Power, SA xa comezou a remitir algunhas facturas de distintos puntos de subministración.*

*Nestes momentos, o Servizo de Arquitectura continua coa xestión para conseguir a información completa e actualizada da distribuidora Unión Fenosa Distribución.”*

De conformidade co informe do xefe do servizo de Contratación, de data 4 de febreiro do 2022 (CSV: OU2UQVB3EHB3KJLJ) que conclúe que pode apreciarse un incumprimento culpable da obrigaón principal do contrato por parte de Aura Energía, S.L., que abandona as súas obrigaóns contractuais coa baixa dos distintos puntos de subministración da Deputación de Pontevedra, forzando o conseguinte traspaso destes puntos ás comercializadoras de referencia.

Tendo en conta que a cláusula 1 do prego de condicións administrativas e a de prescricións técnicas, establecen que o obxecto do contrato consiste na subministración de enerxía eléctrica, en media e baixa tensión, para os centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra referenciados cos CUPS na documentación técnica.

O apartado 10.1 do prego de prescricións técnicas establece que *“A empresa adxudicataria será responsable da subministración, de acordo co regulado na Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico, no Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, polo cal se regulan as actividades de transporte, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e no Real Decreto 1110/2007, de 24 de agosto, polo cal se aproba o Regulamento unificado de puntos de medida do sector eléctrico.”*

Entre as obrigaóns esenciais do contrato establecidas nos pregos reguladores da contratación, cuxo incumprimento é causa de resolución do contrato, a cláusula 18 do prego administrativo previu o deber de *“realizar as subministracións de acordo coas condicións fixadas como mínimas no prego de prescricións técnicas e de acordo coas características, condicións e calidades fixadas na oferta do contratista, en especial no referente á porcentaxe de subministración de enerxía eléctrica procedente de fontes de enerxía renovables respecto da demanda existente a partires do mes de xaneiro de 2020.”*



Tendo en conta que o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP) establece que, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de acordar a resolución dos contratos administrativos e determinar os efectos desta. En consonancia con dito artigo, a cláusula 27 da parte xeral do prego administrativo establece que o contrato poderá extinguirse por calquera das causas de resolución enumeradas nos artigos 211 e 306 LCSP, incluído o incumprimento das obrigas cualificadas como esenciais nas cláusulas particulares deste prego. A resolución do contrato por incumprimento culpable da ou do contratista suporá a incautación automática da garantía definitiva, coa que respondera dos gastos do procedemento de resolución e dos danos e perdas que puidese ocasionar, sen prexuízo das indemnizacións que procedan no que exceda da garantía incautada.

Visto que o contratista ten constituída unha garantía definitiva para este contrato polo importe de 63.078,68 euros, mediante aval da entidade financeira Banco Sabadell, que figura depositada na Tesourería desta Deputación co núm. de operación 201900140934.

Tendo en conta que o artigo 211, apartado f, da LCSP establece como causa de resolución do contrato o incumprimento da obrigación principal do contrato, cal é a suspensión definitiva de subministración de enerxía eléctrica por parte da comercializadora *Aura Energía, S.L.*, que unilateralmente da de baixa por fin de contrato os distintos puntos de subministración da Deputación de Pontevedra, co conseguinte traspaso á comercializadora de referencia, tal como corrobora o responsable do contrato nos seus informes co CSV: E436AC4GG29QRMS8 e HWCBBE9FQY8FANDP.

Tendo en conta o artigo 191 e a disposición adicional terceira, apartado 8, da LCSP, segundo os cales no procedemento de resolución dos contratos deberá darse audiencia ao contratista, sendo preceptivo o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma cando se formule oposición por parte do contratista. O acordo que adopte o órgano de contratación porá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo, sendo preceptivo o informe xurídico do Secretario.

O prazo máximo de oito meses establecido para resolver estes expedientes no artigo 212 LCSP declarouse non conforme coa orde constitucional de competencias pola Sentenza do TC 68/2021, de 18 de marzo, polo que, en ausencia de lexislación autonómica, dito prazo é o xeral de tres meses establecido no artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC).

Tendo en conta o 82.1 LPAC, que establece que a audiencia dos interesados será anterior á solicitude de informe do órgano competente para o asesoramento xurídico, ou á solicitude do Ditame do Consello de estado u órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, no caso de que estes formaran parte do procedemento.





Visto que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 11 de febreiro do 2022, iniciou o procedemento para a resolución do contrato suscrito coa empresa *Aura Energía, S.L.*, baseada na causa establecida no artigo 211, apartado f, da LCSP, e motivada na suspensión de subministración de enerxía eléctrica nos distintos puntos da Deputación de Pontevedra por parte da contratista, co conseguinte traspaso ás comercializadoras de referencia, conforme aos feitos postos de manifesto nos informes CSV: E436AC4GG29QRMS8 e HWCBBE9FQY8FANDP. No mesmo acordo concedeuse audiencia á empresa contratista, e, mediante escrito do xefe do servizo de Contratación (NOT2022002599, do 15/02/2022), á entidade avalista Banco Sabadell (CIF: A-08.000.143).

Visto que, transcorrido o prazo de audiencia, non se presentou alegación nin documentación ningunha por parte de ditas entidades.

Visto que, con data 8 de marzo do 2022, o servizo de Contratación solicita ao servizo de Arquitectura informe proposta de liquidación do contrato.

Visto o informe de liquidación do contrato do servizo de Arquitectura, de data 22 de abril do 2022 (CSV: 1KAKJSLTBHRWFUZO), que, como conclusión aos datos analizados, informa que *“actualmente existe un saldo a favor da Deputación de Pontevedra de 268,21 euros, consecuencia do pagamento de facturas superiores ao posteriormente corrixido e facturado por Aura Energía. Doutra banda, existe un período de facturación en relación a oficinas do ORAL en Pontevedra e Lalín pendente de pagamento (por devolución das facturas e falta de facturación posterior) e cuxo importe non se pode determinar por parte deste Servizo ao resultar incorrectos os datos facilitados nas facturas e carecer de datos reais”*.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 29 de abril do 2022.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 3 de maio do 2022.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Resolver o contrato *“Subministración de enerxía eléctrica en media e baixa tensión dos centros, edificios e instalacións dependentes da Deputación de Pontevedra”*, suscrito coa empresa *Aura Energía, S.L.* (B-65552432), en base á causa establecida no artigo 211, apartado f, da LCSP, pola suspensión de subministración de enerxía eléctrica nos distintos puntos da Deputación de Pontevedra por parte da contratista, co conseguinte traspaso ás comercializadoras de referencia, conforme aos feitos postos de manifesto nos informes CSV: E436AC4GG29QRMS8 e HWCBBE9FQY8FANDP.



2. Incautar a garantía definitiva, polo importe de 63.078,68 €, constituída mediante aval da entidade financeira Banco Sabadell, que figura depositada na Tesourería desta Deputación co núm. de operación 201900140934, coa que a contratista responderá dos gastos do procedemento de resolución e dos danos e perdas ocasionados, sen prexuízo das indemnizacións que procedan no que exceda da garantía incautada.

Para a determinación destes conceptos iniciárase, no seu caso, o oportuno procedemento.

3. Requirir á entidade financeira Banco Sabadell para que, no prazo de quince días hábiles, contados desde a notificación deste acordo, proceda ao ingreso na Tesourería desta Deputación do importe de 63.078,68 €, correspondente á garantía constituída mediante aval núm. de operación 201900140934, advertíndolle que, noutro caso, procederase ao seu cobro mediante o procedemento de apremio.
4. Aprobar a proposta de liquidación do contrato en base ao informe do servizo de Arquitectura (CSV: 1KAKJSLTBHRWFUZO), cun saldo resultante a favor da Deputación de Pontevedra de 268,21 euros, concedendo a dita empresa un prazo de dez días naturais, contados desde o seguinte á notificación deste acordo, presente as alegacións, documentos e xustificacións que estime pertinentes en defensa dos seus dereitos.

A interesada poderá manifestar a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos ou xustificacións antes do vencemento do prazo, en cuxo caso terase por realizado o trámite.

5. Declarar a prohibición de contratar da empresa *Aura Energía, S.L.* ( B-65552432) con esta Administración Pública e os seus organismos dependentes, polo prazo de tres anos, contados desde a data na que sexa firme o presente acordo de resolución do contrato.

33.31703.- MODIFICACIÓN DO PRAZO PARA ACREDITAR O INICIO DA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I: CONCELLOS DE BARRO, A CAÑIZA, O GROVE, MARÍN, MEIS, NIGRÁN, PONTEAREAS E PONTECESURES”.  
(Expte.2020032981)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

*“Á vista da Resolución favorable de concesión da axuda polo IDAE con destino ao proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis Nigrán, Ponteareas e Pontecesures”, e co obxecto de solicitar a modificación da axuda concedida*





*mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2021029420 e data 02/12/2021 a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

## **I. ANTECEDENTES**

*Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.*

*Que mediante Resolución presidencial número 2020003165 de data 20/10/2020, corrixida pola Resolución presidencial número 2021001738 de data 31/03/2021, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis Nigrán, Ponteareas e Pontecesures” no marco da “Medida 7. Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de potabilización, depuración de augas residuais e desalgación” definida no anexo I do Real decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións aos proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha Economía Baixa en Carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020 (modificado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril)*

*En data 29/10/2020 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis Nigrán, Ponteareas e Pontecesures”, asignándosele o rexistro núm. 202000013224. Tras a súa avaliación, en data 02/12/2021 (Rexistro de entrada número: 2021029420) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 865.379,04 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004631.*

*O obxecto do proxecto consiste a mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas dos Concellos.*

*Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:*

### *Importe da axuda concedida*

*Conceder a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 865.379,04€*



Custe elixible admitido para o proxecto

O custe elixible admitido é o seguinte:

PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 "SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I: Sistemas sostibles de xestión de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures"				
CONCELLO	CUSTE TOTAL ELIXIBLE	SUBVENCIÓN IDAE (80% FEDER)	ACHEGA DEPUTACION DE PONTEVEDRA	ACHEGA CONCELLOS
A Cañiza	130.417,15 €	104.333,71 €	10.000,00 €	16.083,44 €
O Grove	98.133,21 €	78.506,53 €	9.813,32 €	9.813,36 €
Pontecesures	99.627,41 €	79.701,91 €	9.962,74 €	9.962,76 €
Meis	99.801,41 €	79.841,12 €	9.980,14 €	9.980,15 €
Nigrán	154.063,93 €	123.251,11 €	10.000,00 €	20.812,82 €
Pontearreas	99.688,69 €	79.750,93 €	9.968,87 €	9.968,89 €
Barro	84.801,50 €	67.841,20 €	8.480,15 €	8.480,15 €
Marín	98.845,74 €	79.076,57 €	9.884,57 €	9.884,60 €
Total	865.379,04 €	692.303,08 €	78.089,79 €	94.986,17 €

Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.



### Condições e termos da concesión da axuda

*Nun prazo máximo de (6) meses dende a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se iniciaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.*

*O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirregional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.*

*En data 23/02/2022, co núm. de rexistro WEB2022008503 consta entrada na Deputación un certificado da secretaria do concello de Marín, polo que en Xunta de Goberno local acordan desistir de parte da subvención concedida. Concretamente do obxecto do financiamento da “EDAR Pastoriza” como consecuencia do funcionamento inadecuado da EDAR Pastoriza recentemente o concello licitou obras para substituír a devandita dotación por un novo colector que conecte a rede existente no núcleo de poboación de Pastoriza co resto da rede de saneamento municipal, no núcleo de Picotes, facendo a súa vertedura final na EDAR de Praceres, en Pontevedra. Por este motivo, xa non sentiu a mellora enerxética prevista na Memoria presentada como proposta de gasto para obter o financiamento do FEDER a través do IDAE no momento da aprobación do Acordo de adhesión ao proxecto por Decreto de alcaldía en data 20/11/2019.*

*O desestímulo parcial das actuacións de mellora da eficiencia enerxética da “EDAR Pastoriza” supón unha minoración do conxunto do proxecto en 27.674,07 euros, unha minoración das axudas concedidas polo IDAE de 22.139,25 euros e unha minoración da aportación da Deputación de Pontevedra de 2.767,40 euros.*

*A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022, adoptou, entre outros, o acordo número 13.31429 de desistencia parcial, remitida polo concello de Marín o día 23/02/2022 e rexistro de entrada número WEB2022008503, á subvención concedida polo IDAE ó proxecto núm. FEDER EELL- 2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I” e á axuda concedida pola (expediente 2020032981).*

*En data 15/03/2022 mediante Resolución Presidencial número 2022001870 aprobouse a modificación do proxecto singular denominado “Sistemas sostibles de xestión de augas I: mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas y Pontecesures”, para dar trámite ao desestímulo parcial presentado polo concello de Marín eliminando as actuacións previstas na “EDAR Pastoriza” dentro do termo municipal de dito concello.*



Polo que respecta á desagregación do cadro financeiro das actuacións en cada uno dos concellos quedan conforme coa seguinte táboa:

"SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I: Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures"				
CONCELLO	COSTE TOTAL ELIXIBLE	SUBVENCIÓN MÁXIMA IDAE (80% FEDER)	APORTACIÓN MÁXIMA DEPUTACIÓN PONTEVEDRA	APORTACIÓN CONCELLOS
Barro	84.801,50 €	67.841,20 €	8.480,15 €	8.480,15 €
A Cañiza	130.417,15 €	104.333,72 €	10.000,00 €	16.083,43 €
O Grove	98.133,21 €	78.506,57 €	9.813,32 €	9.813,32 €
Marín	71.171,67 €	56.937,32 €	7.117,17 €	7.117,18 €
Meis	99.801,41 €	79.841,13 €	9.980,14 €	9.980,14 €
Nigrán	154.063,93 €	123.251,11 €	10.000,00 €	20.812,82 €
Ponteareas	99.688,69 €	79.750,95 €	9.968,87 €	9.968,87 €
Pontecesures	99.627,41 €	79.701,93 €	9.962,74 €	9.962,74 €
TOTAL	837.704,97 €	670.163,93 €	75.322,39 €	92.218,65 €

En data 16/03/2022 con número de rexistro 202200006111, preséntase ante o IDAE a modificación do proxecto singular denominado "Sistemas sostibles de xestión de augas I: Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures" para a súa presentación ás subvencións que favorezan ó paso a unha economía baixa en carbono del Instituto de Diversificación e Ahorro Enerxético (IDAE).

A pesar de comunicarlle ao Instituto de Diversificación e Ahorro Enerxético (IDAE) esta modificación do proxecto, aínda non se obtivo resposta por parte do mesmo, polo que o prazo para acreditar o inicio dos procedementos de contratación acumulou incidencias que non permitiron formalizar os correspondentes contratos administrativos e, consecuentemente iniciar os traballos necesarios para a redacción dos proxectos e a dirección de obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas do proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 que a súa vez son necesarios para licitar a execución das obras.

Ante esta circunstancia imprevista, coa fin de garantir o deber do beneficiario de acreditar a iniciación dos procedementos de contratación precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo máximo de (6) meses, regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, en (3) tres meses adicionais; sendo deste xeito o 02/09/2022 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da iniciación dos procedementos de contratación relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-004631.



## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (Real Decreto 616/2017)*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

## CONSIDERACIONES XURÍDICAS

### *Competencia:*

*O artigo 13.8. a do Real Decreto 616/2017 que establece que nun prazo máximo de (6) seis meses desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario debe acreditar o inicio da tramitación dos procedementos de contratación precisos para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, de copia dos anuncios publicados nos Diarios Oficiais, a Plataforma de Contratación do Estado, Perfil de Contratante ou, no seu caso, certificados que acrediten fidedignamente o inicio das actuacións previstas.*

*De conformidade co previsto o artigo 14 do Real Decreto 616/2017, as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS. A modificación da resolución haberá de ser solicitada polo beneficiario antes de que conclúa o prazo para a realización da actuación subvencionable e a decisión sobre a aceptación ou non da devandita solicitude de modificación corresponderá ao Director Xeral do IDAE, que ditará a correspondente resolución estimando ou desestimando a modificación solicitada. No caso de estimarse a modificación solicitada, a resolución conterá o contido mínimo establecido no artigo 13.5, resultando aplicables, igualmente, as previsións contidas respecto á aceptación do beneficiario no apartado 7 do mesmo precepto.*



*De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade. Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.*

*Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLGS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

*Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*

*Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o fortalecemento domiciliario de auga potable e saneamento.*

*Artigo 109.1.a) da LALGA, establece como competencia propia das deputacións coordinar os servizos municipais entre si para garantir a prestación integral e adecuada de servizos públicos en todo o territorio da provincia, cooperando, especialmente, cos municipios de poboación inferior a 20.000 habitantes para garantir a súa efectividade.*

#### *Petición e evacuación de informes:*

*Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*

*Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*

*Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

*Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

#### *Resolución do expediente*

*Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.*



*Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*

*Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*

*Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*

*Artigo 14 do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que as condicións iniciais obxecto da resolución da solicitude correspondente poderán ser modificadas, sempre que os cambios non afecten os obxectivos perseguidos polo presente real decreto ou aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no POCS.*

### III.- CONCLUSIONES:

*O proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de BARRO, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación coa fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de potabilización, depuración de augas residuais e desalgaición dos concellos.*

*Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución do citado ampliación do prazo máximo de (6) meses, regulado no 13.8. b) do Real Decreto 616/2017, en (3) tres meses adicionais; sendo deste xeito o 02/09/2022 a data máxima para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da iniciación dos procedementos de contratación relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-004631.*

*Esta ampliación de (3) meses solo afecta ao trámite de xustificación da formalización das contratacións necesarias para a execución das actuacións do citado expediente, manténdose invariable o prazo máximo para a conclusión das actuacións que será o 31/07/2023.*

*En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización de ambos prazos máximos, tanto do prazo para acreditar a formalización dos contratos como do prazo máximo establecido para a execución das actuacións recollidas no proxecto.*

*Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para acreditar a formalización dos contratos para a execución das actuacións recollidas no proxecto IDAE Núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” non constitúe un prexuízo a terceiros.*

*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a MODIFICACIÓN DO PRAZO DE ACREDITACIÓN DA INICIACIÓN DA TRAMITACIÓN DOS PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”.*



#### IV. RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.*

*A xefa do servizo de Cooperación*

*(documento asinado electronicamente á marxe)*

*Marina Piñeiro Novo”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación do 27/04/2022, e da Intervención Provincial de data 27/04/2022, Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a modificación do prazo (3) tres meses, dende a notificación da resolución de concesión da axuda, para acreditar que se formalizaron as contratacións necesarias para a execución das actuacións obxecto de axuda ao proxecto denominado IDAE FEDER-EELL-2020-004631 “*Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis Nigrán, Pontearreas e Pontecesures*”, cuxo vencemento é 02/06/2022, en (3) tres meses adicionais; ampliándose deste xeito o prazo máximo para acreditar a devandita formalización ao 02/09/2022.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), a Intervención, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia

#### 34.31704.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE RESOLUCIÓN EXPRESA SOBRE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 31/07/2020, RELATIVO A RECLAMACIÓN POR XUSTIPREZO (Expte.2020027491)

Dada conta que con data 6/04/22 (núm. rex. web 2022020335) tivo entrada nesta Deputación instancia suscrita por Dna. María Belén Raposo Pérez, avogada, en nome e representación da Comunidade de Montes en Man Común de Xeve, por medio da que denuncia silencio administrativo en relación ao recurso de reposición interposto en data 1/09/2020 contra acordo da Xunta de Goberno de 31/07/2020, que inadmitiu solicitude en concepto de indemnización por xustiprezo, derivada de presunta ocupación de terreos para as obras de ensanche do C.V. Rorís-Gatomorto-Berducido (EP-0011), e, subsidiariamente, incoación de expediente expropiatorio.





Resultando que como se acredita no expediente, non se produciu o silencio administrativo que se invoca, xa que o recurso de reposición interposto pola interesada foi resolto en tempo e forma, mediante Resolución Presidencial núm. 2020002648, de 18/09/20, que se transcribe:

*“Dada conta que con data 1 de setembro de 2.020 ten entrada no Rexistro Xeral (web 2020030918) recurso de reposición interposto por Dña. Belén Raposo Pérez, en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Sta. María de Xeve (T.M. Pontevedra), contra acordo da Xunta de Goberno de 31 de xullo de 2.020, polo que se inadmitiu a trámite solicitude en concepto de indemnización por xustiprezo, por presunta ocupación de terreo para as obras de ensanche do C.V. Rorís-Gatomorto-Berducido (EP-0011), e, subsidiariamente, incoación de expediente expropiatorio, por carencia de fundamento, dada a falta de lexitimación activa ao non ostentar na data das obras a titularidade dos terreos.*

*Resultando que a recorrente non aporta datos, documentos ou alegacións que desvirtúen a inadmisión da solicitude máis que o invocado na reclamación inicial, resultando así ratificado o informe dos servizos técnicos provinciais en data 29/06/20, no que se conclúe que a cesión gratuíta dos terreos para a ampliación da estrada xa existente se efectuou con todas as formalidades polos seus lexitimos propietarios, e que no expediente figura debidamente acreditado que a Deputación esixiu previamente a cesión dos terreos para levar a cabo o ensanche e os trámites administrativos foron realizados de forma correcta no seu momento.*

*Considerando que na tramitación deste recurso cumpríntanse os requisitos de lexitimidade activa e pasiva e temporalidade descritos nos artigos 4.1, 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.*

*Considerando os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación RESOLVO: Desestimar o recurso presentado”.*

Resultando que a notificación da precitada Resolución foi posta a disposición da interesada no enderezo electrónico indicado pola mesma o día 18/09/2020, segundo certificado asinado con selo electrónico da Secretaría Xeral de Administración Dixital-Carpeta Cidadán, plataforma de notificacións do Ministerio de Facenda e Función Pública, acreditativo do rexeitamento de dita notificación por caducidade o día 29/09/2020.

Resultando que a petición da Asesoría Xurídica a Secretaría Xeral desta Deputación estendeu certificación da caducidade da notificación, na que literalmente di:

*“Gabriel Rodríguez Alonso, Secretario Accidental da Deputación Provincial de Pontevedra C E R T I F I C A:  
Que no expediente administrativo número 2020027491 consta a notificación electrónica practicada en data 18/09/2020, con CSV GEX67ATLLGT1EVVF, a Dña. Belén Raposo Pérez, representante da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Sta. María de Xeve (T.M. Pontevedra), da Resolución Presidencial nº 2020002648, de data 17/09/2020, pola que desestimaba o recurso reposición interposto fronte o acordo da Xunta de Goberno nº 24.29218, de 31 de xullo de 2020, que inadmitiu a trámite a súa solicitude en concepto de indemnización por xustiprezo por presunta ocupación de terreo para as obras de ensanche do C.V. Rorís-Gatomorto-Berducido (EP-0011), e, subsidiariamente, incoación de expediente expropiatorio, por carencia de fundamento dada a falta de lexitimación activa ao non ostentar na data das obras a titularidade dos terreos.*



*Que consta no expediente o certificado asinado con selo electrónico da Secretaría General de Administración Digital, con CSV DCWLHEHP3QZS2HLR, do rexeitamento de notificación por caducidade da seguinte notificación:*  
*Titular MARIA BELEN RAPOSO PÉREZ con NIF 35282724 B*  
*Identificador 68006215 f64952 f26 b11*  
*Concepto: Desestimación recurso reposición*  
*Remitida por Deputación de Pontevedra o día 18/09/2020 foi expirada por caducidade, ao superarse o prazo establecido para a comparecencia, a data de 29/09/2020”.*

Resultando que transcorrido con creces o prazo en que, no seu caso, se tería producido o silencio, toda vez que o recurso de reposición foi interposto o 1/09/2020, resulta de todo extemporánea esta solicitude datada o 6/04/2022.

Considerando o disposto no artigo 43.2, segundo parágrafo da Lei 39/2015, que establece: “*Cuando la notificación por medios electrónicos sea de carácter obligatorio o haya sido expresamente elegida por el interesado, se entenderá rechazada cuando hayan transcurrido diez días naturales desde la puesta a disposición de la notificación sin que se acceda a su contenido*”.

Considerando o disposto no artigo 124.3 da referida Lei de procedemento, que establece: “*Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso*”.

Considerando que resulta así mesmo de aplicación o artigo 116.1e) da precitada Lei: “*Serán causas de inadmisión las siguientes: (...) Carecer el recurso manifiestamente de fundamento*”.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite a solicitude formulada por Dña. María Belén Raposo Pérez, en nome e representación da Comunidade de Montes en Man Común de Xeve.

#### 35.31705.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚMERO 8/2022. (Expte.2022032121)

Por Resolución Presidencial número 2021007147 de data 2 de decembro de 2021 acordouse incoar un expediente administrativo para levar a cabo a alteración da cualificación xurídica dos inmobles das oficinas periféricas do ORAL de Vilagarcía de Arousa (Avda. Doutor Touron 46) e Tui (Rúa Coruña 26 baixo) adscritos ó ORAL para a prestación de servizos de xestión e recadación de tributos de concellos da provincia de Pontevedra, por non estar destinados a dito servizo público e co fin de que a Deputación de Pontevedra dispoña dos mesmos da forma que conveña para a súa xestión patrimonial.

Resultando que a Directora de Xestión dos servizos do ORAL, a través de escrito de data 7 de abril de 2022 comunica ó Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio que o ORAL non ten ningún tipo de relación coa administración destes dous locais, e que estes gastos non se deben imputar ao orzamento do ORAL na clasificación orgánica 932 -Xestión do sistema tributario (Orde



EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais), ao non estar adscritos a súa actividade administrativa.

Resultando que o Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio en data 13/04/2022 informa o ORAL que os inmobles teñen calificación xurídica de bens demaniais adscritos ó ORAL, e os memos incorporaranse ó patrimonio da Deputación como bens patrimoniais unha vez aprobada polo Pleno provincial a devandita alteración xurídica dos inmobles, actualmente en tramitación. Do mesmo xeito informa da necesidade de regularización por parte do ORAL de gastos do exercicio 2021 relacionados con ditos inmobles que están pendentes de pago, así como da proposta de pagamento dos gastos do exercicio 2022 con cargo ás aplicacións orzamentarias do ORAL por non dispoñerse no vixente orzamento o Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio de aplicacións nin crédito disponibles para facer fronte a ditos gastos.

Resultando que en data 19 de abril de 2022 a Dirección de Servizos do ORAL solicita incoación de expediente de modificación de créditos entre aplicacións de distintas áreas xestoras do orzamento de 2022 para a asunción por parte do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio do gasto corrente de mantemento dos referidos locais, xa que non teñen o uso previsto para a actividade administrativa que desenvolve o ORAL, isto é, non procede a imputación na clasificación orgánica 932 -Xestión do sistema tributario (Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais). A proposta refírese a seguinte transferencia de crédito das aplicacións de ORAL:

Aplicación orzamentaria	VILAGARCÍA	TUI	TOTAL
932.9320.221.00 (luz)	201,63 €	1.260,25 €	1.461,88 €
932.9320.221.01 (auga)	202,04 €	57,84 €	259,88 €
932.9320.221.02 (gas)		21,20 €	21,20 €
932.9320.225.02 (lixo)	196,27 €	357,54 €	553,81 €
932.9320.225.02 (sumidoiro)	38,30 €		38,30 €
932.9320.225.02 (IBI)	197,30 €	210,10 €	407,40 €
932.9320.212.01 (Comunidade de Propietarios)	465,48 €		465,48 €
Total 2022	1.301,02	1.906,93 €	3.207,95 €

Resultando que a Xefa do Servizo de Xestión Orzamentaria e Contabilidade do ORAL e o Interventor con data 26 de abril de 2022 emiten informe conxunto no que figura a modo de conclusión que a Intervención informa favorablemente o expediente coa exclusión da transferencia de crédito respecto da aplicación 932.9320.221.00 “Enerxía eléctrica”, e condicionado, con carácter previo ou simultáneo, á aprobación da resolución ou acordo sobre a cesión da xestión dos locais ao servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.



Resultando que o Xefe e o Técnico Adxunto a Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, con data 3 de maio de 2020, emiten informe conxunto sobre a xestión dos locais, onde se recolle que “.....móstrase a conformidade por parte deste servizo para que se efectúe o cambio de centro xestor dos inmobles do ORAL (932.9320) a Contratación Facenda e Patrimonio (922.9330) (previa regularización e pago por parte do ORAL dos gastos pendentes do exercicio 2021), e asunción por este servizo da xestión e pagamento dos gastos a partir do exercicio 2022...”.

Resultando que a Intervención emite novo informe, con data 3 de maio de 2022, no que deixa constancia de que a proposta que efectúa a Dirección de Servizos do ORAL, coa exclusión do crédito da aplicación 932.9320.221.00 “Enerxía eléctrica” por importe de 1.461,88 euros, para realizar este expediente de transferencia de crédito, por importe global de 1.746,07 euros, cumpre os requisitos previstos na normativa aplicable, e dicir, as variacións de crédito propostas non afectan a créditos nados como consecuencia de ampliación nin expedientes de crédito extraordinario concedidos durante o exercicio, e non se minoran créditos que fosen incrementados con suplementos, transferencias, ou incorporados como remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados, ou , de selo, afectan a créditos de persoal, aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas ou veñen provocados por reorganizacións administrativas.

Resultando que pola Intervención comprobouse a existencia de crédito dentro das aplicacións orzamentarias 22/932.9320.221.01, 22/932.9320.221.02; 22/932.9320.225.02, 22/932.9320.212.01 que minoran o seu crédito por importes de 259,88 €, 21,20 €, 999,51 €, 465,48 €, emitindo os documentos de retención de crédito números de operación 202200089127, 202200089134, 202200089137, 202200089138, polos importes en que se minoran, e que ascenden a cantidade global de 1.746,07 euros.

Considerando o establecido nos artigos 179,180 e concordantes do RDL 2/2004 de 5 de marzo (T.R.L.R.H.L.), así como nos artigos 40,41, 42 e concordantes do R.D. 500/90 de 20 de abril (R.P.) e nas Bases nº 7 e 10 de execución do vixente orzamento provincial.

Considerando que o órgano competente para aprobar o expediente é a Xunta de Goberno por tratarse dunha transferencia de crédito da mesma área de gastos pero xestionados por centros xestores distintos (Base 10ª apartado. 3.b).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Autorizar que a xestión dos inmobles utilizados como oficinas periféricas do ORAL de Vilagarcía de Arousa (Avda. Doutor Touron 46) e Tui (Rúa Coruña 26 baixo) que figuran adscritos ó ORAL, pase a depender do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.



2. Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 8/2022 por importe total de 1.746,07 euros, minorando e aumentando o crédito no importe e nas aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación:

#### APLICACIÓNS QUE AUMENTAN CRÉDITO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/922-9330-221,00	ENERXÍA ELÉCTRICA, XESTIÓN DO PATRIMONIO - CONTRATACIÓN	1.461,07 €
22/922-9330-221,01	AUGA, XESTIÓN DO PATRIMONIO - CONTRATACIÓN	260,00 €
22/922-9330-221,02	GAS, XESTIÓN DO PATRIMONIO - CONTRATACIÓN	25,00 €
	Total	1.746,07 €

#### APLICACIÓNS QUE MINORAN CRÉDITO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/932.9320.221,01	AGUA - ORAL	259,88 €
22/932.9320.221,02	GAS - ORAL	21,20 €
22/932.9320.225,02	TRIBUTOS LOCAIS - ORAL	999,51 €
22/932.9320.212,01	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS - ORAL	465,48 €
	Total	1.746,07 €

#### 36.31706.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

#### 37.31707.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e trinta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

